



arela
asociación cultural

★ 15 ★
PRIMAVERAS

festival de cans

23/26 maio 2018

FESTIVALDECANS.GAL



DESENADO POR
Niki's



OS NOMES DA 15ª EDICIÓN DO FESTIVAL DE CANS

**CHELO LOUREIRO
BURNING
FERNANDO TRUEBA
TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO
GRACIA QUEREJETA
DEPEDRO
BORJA COBEAGA
KEVIN WEATHERILL (Immaculate Fools)
ANXOS FAZÁNS
FAMILIA CAAMAGNO
ISABEL NAVEIRA
ESTEBAN Y MANUEL
NIEVE DE MEDINA
MAGÍN BLANCO
MANUEL LORENZO
MOUNQUP
ROQUE CAMESELLE
PARDO
BERTA OJEA
TANXUGUEIRAS
ÁNGEL FILGUEIRA
PANTIS
NEREA BARROS
PAULO PASCUAL
MANUEL JABOIS
TINO BAZ
FELIPE LAGE
OS ZOQUEIROS**

E tamén... PILAR PEREIRA, MARIANA FERNÁNDEZ, ISABEL BLANCO, NIEVES RODRÍGUEZ, TAMARA CANOSA, PABLO ROMERO-FRESCO, ALFONSO ZARAUZA, ÁLVARO GAGO, EDUARDO HERRERO, BELÉN MONTERO, JUAN LESTA, CELIA PARRA, RUBÉN DOMÍNGUEZ, ANDREW TURNER, ISABELLE LE GONIDEC, ÁNGELES HUERTA, LUIS AVILÉS, XURXO SOUTO, CARLOS MEIXIDE...



ÍNDICE

Quince primaveras de Cans.....	6
Programa.....	13
Sección oficial: Ficción.....	16
Sección oficial: Animación.....	21
Sección oficial: FuraCans (Non ficción).....	23
Sección oficial: Videoclips.....	26
Xurados.....	28
Música.....	31
Longametraxes.....	37
Audiovisual e música.....	40
Noite das homenaxes.....	43
Encontros e coloquios.....	45
Fillas e fillos de Cans.....	49
A que andas?.....	51
Contra o lume.....	53
ExtraCans.....	55
MiniCans.....	57
Cans Participa.....	61



QUINCE PRIMAVERAS DE CANS

Como ben amosa o florido deseño desta edición, este 2018 o Festival de Cans celebra quince primaveras. Faino cunha programación que, como é habitual, combina a frescura e a aposta por creadoras e creadores novos cun eclecticismo libre de prexuízos que se estende **dende o cinema e o audiovisual a todos os outros ámbitos culturais dos que se pode desfrutar en Cans: música, literatura, gastronomía, encontros...** Mantéñense moitas das tradicións do Festival, pero tamén aparecen este ano importantes seccións novas, nun equilibrio que busca atender a públicos diversos mantendo a calidade como denominador común.

Audiovisual

Sección Oficial a concurso

- Todas as competicións da sección oficial teñen nesta edición un fermoso equilibrio entre a frescura do novo e a solidez do consagrado. Por unha banda, mantense o espírito de **escapate para cineastas debutantes**, con varias óperas primas presentes nesta Sección Oficial. Pola outra, atopamos tamén unha boa cantidade de pezas avaladas pola traxectoria previa das súas autoras e autores, persoas consagradas no ámbito da dirección ou a interpretación.
- Na competición de **Ficción** destaca a **gran variedade xenérica, con varios exemplos interesantes de hibridación entre xéneros**: hai aproximacións ben diversas á comedia, o terror, o drama ou mesmo a ciencia-ficción, co interese que conleva ver o contraste entre pezas aparentemente parecidas.
- A variedade na sección de **Animación** vén dada polos **diferentes perfís e técnicas das persoas que crearon estas curtas**: algunhas das pezas veñen realizadas por veteranos da animación con experiencia en grandes producións, mentres outras pezas se aproximan máis ao proxecto artístico persoal.
- Por primeira vez, o Festival de Cans inclúe na súa Sección Oficial unha **competición de Non-ficción, que retoma o nome da mostra FuraCans**, que o ano pasado recollía curtas afastadas do convencional. Nela atopamos tamén un gran eclecticismo, coa calidade e a exploración como denominador común: dende documentais sociais con importantes investigacións a pezas experimentais ou autobiográficas.

- O concurso de videoclips, que presentará o xornalista **Eduardo Herrero**, segue recollendo a **riqueza de estilos e talentos da música galega e as realizadoras e realizadores que lle poñen imaxes**. Este ano destaca o peso da paisaxe en moitas destas pezas, que no musical van do pop ao folk ou ao hip hop, e do stoner rock á electrónica ou o trap.

Longametraxes

- Este ano Cans terá dobre filme de apertura: ***A estación violenta***, opera prima de **Anxos Fazáns**; e ***British Winters***, primeira longametraxe de imaxe real de **Roque Cameselle**. Coas dúas cúmprese o obxectivo do festival de seguir a traxectoria de creadoras e creadores que pasaron xa como curtametraxistas polo Festival nos seus primeiros pasos na longa, un **Paso aos millennials** que se completa coa estrea de ***Sevilla y Górra***, opera prima de Ángel Filgueira.
- ***A estación violenta*** adapta a novela homónima de Manuel Jabois e chega a Cans para a súa primeira grande proxección pública en Galicia, xusto antes da súa estrea comercial en salas e logo de pasar polo BAFICI, o Festival de Sevilla ou o D'A de Barcelona. A directora, Jabois e parte do elenco estarán en Cans.
- O británico Andrew Turner e Roque Cameselle estarán en Cans para presentar o filme que codirixiron, ***British Winters***, que se proxectará por primeira vez en España no Festival, unha aposta na liña do proceso firme de internacionalización do festival.
- Tamén se poderá ver en Cans a estrea de ***Sevilla y Górra***, un filme de espírito xuvenil do redondelán **Ángel Filgueira**, no que este novísimo do cinema galego captura a Sevilla que coñeceu como estudante de intercambio e as reflexións dos “filósofos borrachos” que alí atopu.
- Completa a selección de longas o documental de creación ***Versogramas***, dirixida por Belén Montero e Juan Lesta con Celia Parra na produción executiva. Esta peza aborda o fenómeno da videopoesía falando con poetas como Miriam Reyes, Branca Novoneyra, Yolanda Castaño, Antón Reixa ou Eugeni Bonet.

Seccións habituais e específicas desta edición

- Por mor da demanda e o entusiasmo do público nos encontros, este ano teremos por primeira vez dous **Coloquios na Leira** en lugar de un, e estarán protagonizados por dous cineastas fundamentais, historia viva do cinema español: **Gracia Querejeta** e **Fernando Trueba**.
- Tamén haberá a oportunidade de escoitar e conversar cunha das figuras clave da comedia actual en España: **Borja Cobeaga, dentro do Café con CREA**.
- As seccións máis emblemáticas do Festival de Cans continúan, e unha das máis esperadas este ano é o habitual seguimento das **Fillas e fillos de Cans**, con máis cineastas e guionistas que nunca. Poderemos ver o proceso ou imaxes inéditas de filmes tan esperados como ***La sombra de la ley*** (de **Dani de la Torre**), ***Arima*** (de **Jaione Camborda**), ***Nación de muchachos*** (de **Javi Camino**), ***Trote*** (de **Xacio Baño**), ***Sad Hill Unearthed*** (de **Guillermo de Oliveira**), ***Tempo vertical*** (de **Lois Patiño**) ou **3** (de **Blas Lamazares**).

- Dentro de **A que andas?** e coa colaboración da Asociación Galega de Guionistas botaremos un ollo aos proxectos en proceso de **Borja Cobeaga, Olga Osorio, Roi Fernández e Laura Villaverde, Ángeles Huerta, Roque Cameselle e Ignacio Vilar**, tamén coa oportunidade de descubrir máis filmes que en ningunha outra edición do Festival.
- Inauguramos unha sección nova titulada **ExtraCans**. Nela proxectaremos curtas nas que se busca visibilizar as conexións entre profesionais de Galicia con cineastas doutros países: veremos filmes de Italia, Líbano, Portugal ou Brasil que en varios casos chegan a Cans coa garantía de traxectorias previas de éxito en festivais do prestixio de Locarno ou Venecia.
- O Festival de Cans quere poñer nesta edición o foco na catástrofe dos lumes que ano a ano se repite en Galicia. Para iso, recopila na sección especial **Contra o lume** diferentes pezas audiovisuais que convidan á reflexión crítica permanente sobre o futuro dos montes e do noso territorio.
- Continuaremos con dúas das novidades máis exitosas da edición anterior que fomentan o vínculo entre audiovisual e literatura: o **roteiro cinéfilo-literario** conducido polo escritor Carlos Meixide, autor do libro *Cans*, e consolidamos a aposta polos booktrailers e booktubers apoiando o **concurso “Ollo de vidro”**, en colaboración con 7 entidades coordinadas pola Biblioteca Pública Neira Vilas de Vigo. 47 obras presentáronse a concurso e as pezas finalistas proxectaranse en Cans para elixir un gañador.
- Abordaremos a relación entre o subtítulado e as linguas minorizadas a través dun encontro co experto en cine e accesibilidade da Uvigo **Pablo Romero Fresco** e os cineastas galegos **Alfonso Zarauza e Álvaro Gago**.
- Mantéñense e aumentan os exitosos coloquios AISGE, nos que actrices e actores abordan diferentes experiencias e aspectos do seu traballo. Nestes encontros dialogarán o mércores, xoves e venres intérpretes do prestixio e renome de **Manuel Lourenzo, Nieve de Medina, Pilar Pereira, Berta Ojea, Mariana Fernández, Tamara Canosa, Nieves Rodríguez** ou **Isabel Blanco**, unha das nosas homenaxeadas nesta edición.

Audiovisual e música

- O festival mantén o seu empeño en facer dialogar música e audiovisual e levará ese propósito a varios espazos do festival. O Baixo de Bugarín acollerá a proxección de **Casamance: La banda sonora de un viaje**, filme de Paloma Zapata sobre a viaxe de Jairo Zavala (Depedro) a Senegal tralos pasos do músico Lamine Konté. Ambos estarán presentes na sesión, previa ao Concerto Mahou Cinco Estrellas de **Depedro no Espazo Mahou da Leira de Alicia**.
- No Invernadoiro, que se estrea nesta edición, contaremos coa presenza de **Kevin Weatherill, líder de Immaculate Fools**, para tocar e presentar o **primeiro avance de Kevin vs. Ray**, o documental biográfico que os galegos Eduardo Herrero e Manuel Lemos preparan sobre a peripecia vital deste artista, dende o éxito na súa Gran Bretaña natal ata a súa etapa recente afincado nunha aldea de Cambados.

- Tamén no Invernadoiro terá lugar a **primeira retrospectiva que se realiza dos videoclips dirixidos por Rubén Domínguez**, figura esencial do underground galego como músico, realizador e deseñador. Irá unida a un concerto de **Pantis**, o seu aclamado proxecto de pop electrónico.
- Dentro da programación de MiniCans, teremos tamén unha retrospectiva das **pezas audiovisuais** que acompañaron as cancións da dilatada carreira de **Magín Blanco**.
- A actuación do cantautor **Tino Baz** pechará a sesión “Contra o lume”, onde tamén se proxectará o videoclip da canción “E veu o lume”, interpretada polo propio Baz con Cantares do Brueiro.

Música

A programación musical volve a Cans coa forza de sempre, xuntando grandes nomes consagrados con novas promesas, tradición e vangarda.

- No **Torreiro de Cans** haberá un día de auténtico rock and roll o sábado 26, cos míticos **Burning** á noite repasando a súa inmensa traxectoria e **Familia Caamagno** á tarde presentando un avance do seu seguinte traballo.
- Tamén no Torreiro, centro neurálxico do festival, teremos o venres á banda máis respectada do indie nacional na actualidade: **Triángulo de Amor Bizarro**, co recién editado EP *El gatopardo* debaixo do brazo.
- O **Espazo Mahou na Leira de Alicia** acollerá o Concerto Mahou Cinco Estrellas de **Depedro** en formato acústico, no que repasarán temas clave dos seus catro discos.
- Polo **Cans Voulevar** pasarán o soul de autor de Pardo, que presenta *Libélula*, o folk carismático das **Tanxugueiras**, que preparan o seu primeiro disco, e a electrónica máxica de MounQup, que trae xa algúns temas do traballo que seguirá ao seu celebrado debut *Proba de son*. Na **Noite Gia** dos videoclips serán Esteban & Manuel, reis da cumbia underground, os que pechen a festa.
- Estreamos un novo espazo: o **Invernadoiro de Mucha do Peso**, que substitúe ao Jaliñeiro aumentando o aforo e incorporando un cuberto para proxeccións. Alí terán lugar os citados concertos de **Kevin Weatherill** e **Pantis** con proxeccións de traballos audiovisuais relacionados.
- Un dos grandes da música infantil (e non só infantil) en Galicia, **Magín Blanco**, actuará dentro do programa de Cans para a rapazada, onde poderemos escoitar “Cans & Cadelas”, a canción que compuxo como tema oficial desta edición do festival.
- Por suposto, non faltarán o roteiro **CanSonoro** guiado por Xurxo Souto e máis música a cargo das **Pandereiteiras de Cans**, **Os Zoqueiros**, os **Acordecans** ou a **Banda de Música de Rubiós**.

- E non só iso, porque teremos Sesións Discochimpín protagonizadas polos DJs **David Van Bylen** e **Rafa Morcego**, que farán posible que a festa continúe o venres e o sábado no Torreiro unha vez rematen os concertos, e **Edu Romero**, que pinchará no Espazo Mahou da Leira de Alicia despois do pase de ExtraCans.

MiniCans

A programación para nenas e nenos do Festival de Cans é este ano a máis completa da súa historia, extendéndose dende o venres á tarde a todo o sábado con **música, proxeccións, maxia** e unha serie de fascinantes **obradoiros** no Parque do Río e espazos históricos do festival como o Cuberto de Pato e o Cuberto de Antonio, que se habilitan este ano para a programación infantil. Na parte audiovisual poderán verse varias das curtas de animación producidas por **Chelo Loureiro**, unha das nosas homenaxeadas deste ano, e volveremos contar coa presenza da **Caixiña de Mistos** para iniciar na sétima arte ás pequenas e pequenos. Ademais do concerto de Magín Blanco, pasará por Cans o theremin de **Paulo Pascual**, co que leva a cabo *Therefilms*, un percorrido musicado en directo sobre a relación do cinema coa música. Tamén o **Mago Paco** co seu espectáculo *O cinematomago*, no que extrae maxia de secuencias do cine. Por último, contaremos cos obradoiros de curtametraxe e efectos especiais do **Proxecto Participa Méliès** da Obra Social La Caixa e o storyboard contado de **Polo Correo do Vento**, centrado na figura da lendaria actriz galega María Casares.

Homenaxes e máis protagonistas

Como é habitual, o Festival estará repleto de caras coñecidas e renderá homenaxe a varias persoas fundamentais para o audiovisual ou para Cans.

- A produtora **Chelo Loureiro**, imprescindible na construción do audiovisual galego e na loita polo recoñecemento das mulleres no sector, será homenaxeada co Premio Pedigree 2018 e colocará a súa estrela no Torreiro.
- Tamén entrarán no Torreiro das Estrelas **Gracia Querejeta** e **Fernando Trueba**.
- O xurado desta edición xunta tamén talentos ben diversos, de aquí e de acolá: **Anxos Fazáns, Borja Cobeaga, Isabel Naveira, Nieve de Medina, Felipe Lage, Ángeles Huerta, Paloma Zapata, Isabelle Le Gonidec, Eduardo Herrero, Fernando Fernández Rego** e **Luis Avilés**, ademais do Xurado dos veciños e veciñas, que contará con cinco habitantes de Cans.
- Os Chimpíns de Prata “Premio Pepe Puime” irán para a actriz **Isabel Blanco**, teimuda defensora do Festival de Cans dende os seus comezos, e para os veciños **Constante Romero** e **Chelo Casalmorto**, propietarios do coñecidísimo “Cuberto de Chelo”.
- O prestixioso xornalista radiofónico **Javier Tolentino** pasará tres días conducindo o seu programa *El séptimo vicio* de Radio 3 dende Cans.

Ademais...

- O **Día dos Veciños** medra o mércores e pasa a ser no Torreiro con carpa, escenario, pantalla e sillas para converterse nun gran encontro aberto de audiovisual e música.
- Por terceiro ano vén realizándose en Cans o proxecto colectivo **Cans 303**, coordinado polo realizador **Juanma Lodo**. Nel, todas as persoas que desexan adquirir coñecementos de audiovisual inícianse na gravación, edición e montaxe de vídeo realizando un filme colectivo no que recuperan a memoria da aldea. O curso comezou en febreiro e a peza na que traballan trata sobre a figura de Sara Quinteiro, “**Dona Sara**”, mestra histórica de Cans durante varias décadas e da que se espera a presenza de moitas das súas exalumnas. Estrearase o mércores 23, Día dos Veciños e Veciñas en Cans, que por primeira vez terá lugar no Torreiro de Cans para darlle maior dimensión.
- A colaboración de Mahou co festival trae unha nova edición das “**Tapas de Cinema**”. A Cociñeira Mahou **Lucía Freitas**, do restaurante compostelano **A Tafona**, preparará en directo na Praza do Concello do Porriño unha selección de tapas nas que integrará a gastronomía coa sétima arte. Será o xoves 24 de maio e estará acompañada por **Beni Couso**, chef do restaurante vigués Patouro. A parte gastronómica quedará completa con **Kike Piñeiro**, do restaurante **A Horta D'Obradoiro**, que será o cociñeiro dos e das artistas e persoas convidadas do Festival.
- Teremos a oportunidade de desfrutar dunha exposición retrospectiva de “**O Bichero**”, as tiras de **Luis Davila**, un dos debuxantes máis populares de Galicia e que se ten achegado a Cans na súa obra en numerosas ocasións.
- De novo, artistas de todo tipo daránlle unha volta creativa á silueta do Can de Cans na **Can Parade**: dez creadoras e creadores terán a oportunidade de intervir a icona do festival sen ningún tipo de restricións técnicas nin materiais. Exporanse na praza do Concello do Porriño, tamén o xoves 24.
- Mantense o programa de visitas específico para centros escolares, no que prestaremos atención aos **Cans do Futuro**. Alí a rapazada poderá ver variadas pezas audiovisuais, entre elas as curtas gañadoras do concurso REC-Curta e do concurso “Nós tamén creamos” da Dirección Xeral de Política Lingüística. Ademais, este ano o Festival suma un acordo coas Escolas Católicas de Galicia para incorporalas ao programa.
- Botaremos a vista un ano atrás vendo a estrea do documental **Catorce Cans, de Isaura Docampo**, making of do 14º Festival de Cans.
- Refórzase o éxito do xoves o pasado ano tomando a Praza do Concello e actívanse os espazos públicos colectivos como o Torreiro ou o Parque do Río.
- Procúrase activamente a participación da comunidade, dende nenos e nenas a maiores, nas actividades impulsadas polo festival: **Cans Senior** no Centro de día de Torneiros, **Debuxa Cans** para colexios e institutos, a **Can Parade** para artistas xoves... ademais dos **Cans do Futuro**, o citado concurso de booktrailers “**Olo de vidro**” ou os diferentes obradoiros.

- Proxecto “**Lentes violetas**”: sumado ao decálogo de visibilidade das mulleres no audiovisual que ten Cans, este ano a muller é o centro das historias impulsadas polo festival: o Proxecto Cans303 co seu documental sobre a mestra **Dona Sara**, o **Debuxa Cans** sobre superheroínas, o storyboard contado de Polo Correo do Vento que dá a coñecer á rapazada a figura de **María Casares**, un **CanSonoro** centrado nas historias de mulleres...
- Por último, o Festival de Cans presenta este ano importantes novidades técnicas e loxísticas:
 - Nova pantalla LED xigante no Torreiro para avisos, seguridade, spots de patrocinadores e proxeccións nos concertos.
 - Reordenamento do aparcamento de terra da Rotonda do Can de Pedra.
 - Reforzos de seguridade e maiores controis en todos os accesos a Cans, só para veciños e vehículos autorizados.
 - Reforzo do equipo médico, con máis persoal sanitario presente durante todos os días do festival.



PROGRAMA

MÉRCORES 23 DE MAIO

10h00 | **Cans do Futuro** | Baixo de Bugarín

10h30 | **Cans Senior. Apertura da exposición e entrega de premios** | Centro de día de Torneiros

11h00 | **Roteiro cinéfilo-literario con Carlos Meixide** | Saída da Rotonda do Can

11h30 | **Coloquio AISGE: *Pioneiros*. Con Manuel Lourenzo e Pilar Pereira** | Baixo de Moncho

17h00 | **Estrea: *Versogramas*. Cos directores Belén Montero e Juan Lesta e a produtora Celia Parra** | Baixo de Bugarín

19h00 | **Final de "Ollo de Vidro", concurso de booktrailers e booktubers** | Baixo de Bugarín

20h00 | **Radio 3 en directo: *El séptimo vicio*, con Javier Tolentino** | Baixo de Moncho

21h00 | **Homenaxe ao Can e descuberta do traxe deste ano, coa música das Pandereiteiras de Cans** | Rotonda do Can

21h30 | **Colocación do Chimpín de Prata a Chelo Casalmorto e Constante Romero** | Muro dos Chimpíns

22h00 | **Noite dos veciños** | Torreiro de Cans

- Presentación do xurado dos veciños
- Presentación dos guías dos camiños
- Estrea de *Dona Sara: a mestra rebelde*, documental realizado no Proxecto Cans 303.
- Avance do documental *Catorce Cans*, making of do 14º Festival de Cans.
- Actuación das Pandereiteiras de Cans e os acordeonistas Acordecans.

XOVES 24 DE MAIO

10h00 | **Cans do Futuro** | Baixo de Bugarín

11h00 | **Roteiro cinéfilo-literario con Carlos Meixide** | Saída da Rotonda do Can

11h30 | **Coloquio AISGE: *Igualdade. Que avanzamos no último ano?* Con Berta Ojea, Tamara Canosa e Mariana Fernández** | Baixo de Moncho

13h00 | **Encontro sobre subtitulado e linguas minorizadas con Pablo Romero-Fresco, Alfonso Zarauza e Álvaro Gago** | Baixo de Moncho

16h00 | **Radio 3 en directo: *El séptimo vicio*, con Javier Tolentino** | Casa do Cid

17h00 | **Filme de apertura: *British Winters*. Cos directores Roque Cameselle e Andrew Turner** | Círculo Recreativo Cultural

18h00 | **Dálle caña! Encontro de realizadoras e realizadores de videoclips. Con Paloma Zapata e Alfonso Pato** | Bar Liceum

19h00 | **Chegada de Os Zoqueiros para amenizar a procesión de chimpíns** | Praza do Concello
 19h30 | **Saída da procesión de chimpíns** | Praza do Concello
 20h00 | **Filme de apertura: *A estación violenta*. Coa directora Anxos Fazáns, o escritor Manuel Jabois e os intérpretes Nerea Barros, Alberto Rolán, Xosé Barato, Antonio Durán "Morris"** | Círculo Recreativo Cultural
 20h30 | **Showcooking cos cociñeiros Mahou Lucía Freitas, do restaurante A Tafona, e Beni Couso, do restaurante Patatouro** | Praza do Concello
 21h30 | **Inauguración da Can Parade** | Praza do Concello
 22h00 | **Concurso de videoclips. Presentado por Eduardo Herrero** | Praza do Concello
 23h30 | **Concerto: Esteban & Manuel** | Praza do Concello

VENRES 25 DE MAIO

10h00 | **Cans do Futuro** | Baixo de Bugarín
 10h00 | **Café con CREA: coloquio con Borja Cobeaga** | Baixo de Moncho
 11h00 | **Roteiro cinéfilo-literario con Carlos Meixide** | Saída da Rotonda do Can
 11h30 | **Coloquio AISGE: *Acoso sexual*. Con Nieve de Medina, Isabel Blanco e Nieves Rodríguez** | Baixo de Moncho
 13h00 | **A que andas? Os filmes dende o guión. Con Ángeles Huerta, Olga Osorio, Ignacio Vilar, Roi Fernández e Laura Villaverde, Roque Cameselle e Borja Cobeaga** | Baixo de Moncho
 16h30 | **Fillas e fillos de Cans. Avances de proxectos con Jaione Camborda, Dani de la Torre, Xacio Baño, Lois Patiño, Javi Camino, Guillermo de Oliveira e Blas Lamazares** | Baixo de Moncho
 17h30 | **Minicans: Obradoiro de cine "Da imaxinación á pantalla" - Participa Méliès** | Baixo de Carlos e Parque do Río
 18h30 | **Audiovisual e música: *Casamance, la banda sonora de un viaje*. Coa directora Paloma Zapata e o protagonista Jairo Zavala "Depedro"** | Baixo de Bugarín
 20h00 | **Radio 3 en directo: *El séptimo vicio*, con Javier Tolentino** | Baixo de Moncho
 20h00 | **Minicans: Proxección das pezas realizadas no obradoiro "Da imaxinación á pantalla"** | Baixo de Carlos
 20h30 | **Inauguración da exposición retrospectiva de "O Bichero" de Luis Davila** | Cans Voulevar
 21h00 | **Concerto Mahou Cinco Estrellas: Depedro** | Espazo Mahou da Leira de Alicia
 21h30 | **Treboada Baixo Miño** | Baixo do Moncho
 22h00 | **Desfile de chimpíns** | Saída do Baixo do Moncho
 22h30 | **Noite das homenaxes** | Torreiro de Cans
 – Estrea de *Catorce Cans*, de Isaura Docampo, making of do 14º Festival de Cans
 – Entrega dos Chimpíns de Prata a Isabel Blanco, Constante Romero e Chelo Casalmorto
 – Entrega do Premio Pedigree a Chelo Loureiro e colocación da súa estrela no Torreiro
 00h00 | **Concerto: Triángulo de Amor Bizarro** | Torreiro de Cans
 01h30 | **Sesión Discochimpín: David van Bylen DJ** | Torreiro de Cans

SÁBADO 26 DE MAIO

10h00 | **CanSonoro. Roteiro musical con Xurxo Souto** | Saída da Rotonda do Can
 10h00 | **Primeiro pase matinal da Sección Oficial de Ficción e Animación** |
 10h30 | **Contra o lume: proxección de pezas audiovisuais arredor do problema dos incendios** | Jalpón de Alicia
 11h00 | **MiniCans: Proxección de curtametraxes da iniciativa Participa Méliès** | Baixo de

Carlos

12h00 | **Coloquio na Leira con Fernando Trueba** | Espazo Mahou da Leira de Alicia
13h00 | **MiniCans: Retrospectiva de videoclips de Magín Blanco** | Baixo de Carlos
13h00 | **Pasarrúas: Banda de Música de Rubiós** | Saída da Rotonda do Can
13h15 | **Colocación da estrela de Fernando Trueba** | Torreiro de Cans
13h30 | **Segundo pase matinal da Sección Oficial de Ficción e Animación** |
13h30 | **MiniCans: Concerto de Magín Blanco** | Parque do Río
13h30 | **Sesión vermú: Banda de Música de Rubiós** | Torreiro de Cans
15h30 | **Desfile de chimpíns** | Camiños de Cans
16h00 | **Dálle caña! Encontro de curtametraxistas das seccións de ficción e animación** |
Espazo Mahou da Leira de Alicia
16h00 | **Estrea: *Sevilla y Gomorra*. Co director Ángel Filgueira** | Cuberto de Mucha do Peso
16h00 | **MiniCans: A caixaña de mistos. Inicio de proxeccións periódicas de
curtametraxes** | Parque do Río
16h00 | **MiniCans: Obradoiro de curtametraxes con Mr. Misto** | Parque do Río
16h30 | **Concerto: Mounqup** | Cans Voulevar
16h30 | **Primeiro pase de tarde da Sección Oficial de Ficción e Animación** |
16h30 | **MiniCans: Espectáculo *O cinematomago*, co Mago Paco** | Cuberto de Pato
17h00 | **Coloquio na Leira con Gracia Querejeta** | Espazo Mahou da Leira de Alicia
17h00 | **Primeiro pase de FuraCans: Sección Oficial de Non ficción** | Casa de Mari
17h30 | **MiniCans: Espectáculo *Therefilms*, con Paulo Pascual** | Cuberto de Antonio
18h00 | **Audiovisual e música: avance do documental *Kevin vs. Ray* + concerto de Kevin
Weatherill. Coa presenza dos directores Eduardo Herrero e Manuel Lemos e o produtor
Enrique Otero** | Cuberto e Invernadoiro de Mucha do Peso
18h30 | **Concerto: Pardo** | Cans Voulevar
18h30 | **Dálle caña! Encontro de curtametraxistas das seccións FuraCans e ExtraCans** |
Espazo Mahou da Leira de Alicia
19h00 | **MiniCans: Contacontos ilustrado *Unha vida de cine*, con Polo Correo do Vento** |
Cuberto de Pato
19h15 | **Colocación da estrela de Gracia Querejeta** | Torreiro de Cans
19h30 | **Concerto: Familia Caamagno** | Torreiro de Cans
20h00 | **MiniCans: Proxección das pezas realizadas no obradoiro de curtametraxes de
Mr. Misto** | Parque do Río
20h30 | **ExtraCans: proxección de curtas internacionais con vínculos profesionais a
Galicia. Coa presenza das e os cineastas** | Jalpón de Alicia
20h30 | **Segundo pase de FuraCans: Sección Oficial de Non ficción** | Casa de Mari
20h30 | **Audiovisual e música: retrospectiva *Rubén Domínguez: Unha década de creación
(2008-2018)* + Concerto de Pantis** | Invernadoiro e Cuberto de Mucha do Peso
20h30 | **MiniCans: Proxección de curtas producidas por Chelo Loureiro, coa súa
presenza** | Cuberto de Antonio
20h45 | **Segundo pase de tarde da Sección Oficial de Ficción e Animación** |
22h00 | **Concerto: Tanxugueiras** | Cans Voulevar
22h00 | **Sesión Discochimpín: Edu Romero DJ** | Espazo Mahou da Leira de Alicia
23h00 | **Entrega de premios** | Torreiro de Cans
00h30 | **Concerto: Burning** | Torreiro de Cans
02h00 | **Sesión Discochimpín: DJ Rafa Morcego** | Torreiro de Cans



SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO

Ficción

As catorce obras (seis delas estrean) seleccionadas na competición de curtametraxes de Ficción do Festival de Cans reflicten con fidelidade o carácter cada vez máis rico e diverso do cinema galego. Lonxe de limitarse a un ámbito ou un método de traballo, teremos a oportunidade de desfrutar dunha fenomenal variedade de enfoques e xéneros cinematográficos: ciencia-ficción como *Paxaro escuro*, terror como *Alicia* ou *Die Höhle*, comedia como *Cortoterapia*, road movie como *Van...* Igual que no noso audiovisual, na escolma hai espazo para traballos de corte clásico e popular, pero tamén para a experimentación.

Como consecuencia, mantéñense dous fermosos equilibrios habituais en Cans. Por unha banda, o equilibrio entre cineastas de traxectoria consagrada (Álvaro Gago, as Also Sisters, Simón Casal...) e novas voces (Xabier Rúa, María Vázquez, Claudia Alonso e Cristina Burgos, etc.), ademais de dúas actrices que debutan na dirección: Sara Casanovas e Déborah Vukušić. Pola outra, o equilibrio entre as seis pezas que terán a súa estrea en Cans (*Cortoterapia*, *Die Höhle*, *Van*, *La cuarta pared*, *REM* e *The Film Machine*) e curtas avaladas polo seu fenomenal éxito en festivais: ademais de *Matria*, que fixo historia no cinema galego ao ser premiada en Sundance ou a Seminci, poderemos ver pezas galardoadas como *Escarabana*, *Amanece despejado* ou *Después de la bandera*. Continúa tamén a vontade do festival de achegar a Galicia a cineastas que residen ou traballan fóra: as Also Sisters e Félix Brixel veñen dende Estados Unidos, Xabier Rúa dende Alemaña e Carlos Martínez-Peñalver e Pedro Sancho dende Barcelona e Madrid respectivamente.

A CAT IN THE WINDOW (UN GATO NA VENTÁ)

2017 | 9' | Inglés con subtítulos en galego

Dirección, guión e montaxe: Félix Brixel.

Música: Johann Sebastian Bach.

Elenco: Marin Laufenberg.

Vai de: Marin imaxina como será o seu futuro cando envelleza. Pronto admitirá que o que a impulsa a un futuro solitario en Alaska é o medo a ocuparse dos demais. Porén, unha man sacará o seu autorretrato dun lago e porao a secar nunha mesa. A dor, e ao mesmo tempo o calmante de Marin, é esa man que nunca deixará que se vaia.

Xénero: Drama.

O detalle: O director lugués Felix Brixel rodou a curta na Memorial Union Terrace de Madison, Wisconsin, co obxectivo inicial de expresar o estado anímico dos Estados Unidos ante a situación sociopolítica.

AMANECE DESPEJADO

2017 | 14' | español

Dirección: María Vázquez, Bruno Máez.

Guión e produción: María Vázquez.

Montaxe e fotografía: Bruno Máez.

Son e música: Carlos Díaz.

Elenco: María Vázquez, Melania Cruz, Antonio Pereira, Iñaki Díez, Modesto García, Delia Lorenzo, Dani Lago.

Vai de: Hoxe é un día moi importante para María, porque vai dar unha conferencia sobre o famoso escritor de ciencia-ficción Philip K. Dick. Todo segue a rutina cotiá, a excepción dun pouco de nervios debido ao acontecemento. Pero a medida que pasa o tempo descubrirá que nada é o que parece.

Xénero: Ciencia-ficción.

O detalle: María Vázquez realizou a curta buscando manter o estilo de Philip K. Dick: "ciencia-ficción de andar pola casa". Pechando o círculo, *Amanece despejado* foi seleccionada para o Philip K. Dick Film Festival de Nova York.

ALICIA

2017 | 6' | castelán

Dirección, montaxe e fotografía: Lucas Terceiro.

Guión: Lucas Terceiro, Fernando Tato, Adrián Castiñeiras.

Produción: Kraken Films.

Son: Lía Chacón.

Música: Rise of Saturn.

Elenco: Fernando Tato, Paula Terceiro, Susana Sampetro.

Vai de: Un pai viaxa cada noite ao País das Marbillas xunto á súa filla Alicia... pero non sempre atopa a saída ao tobo do coello.

Xénero: Terror.

O detalle: Esta curta é a ópera prima do estradense Lucas Terceiro como director.

CORTOTERAPIA (O CÓMO SUPERAR UNA RUPTURA)

2018 | 9' | español

[Estrea mundial]

Dirección e guión: Pedro Sancho.

Elenco: Marta Larralde, Mario Alberto Díez, Raquel Guerrero, Guillaume Leclerc, Sabela Mascuñana, Santi Cuquejo, Mercedes Revuelta, Pilar García, Juan Cambor, Juanma Pina.

Vai de: Pedro quiere superar unha ruptura, para elo fai terapia cos seus amigos.

Xénero: Comedia.

O detalle: Bo dominador da comedia, o vigués Pedro Sancho estivo tamén o ano pasado a competición en Cans con *La madrina*, que levou o premio á mellor actriz (Arantxa Aranguren). Esta curta foi vendida á canle HBO Latino para a súa emisión en Estados Unidos.

DESPUÉS DE LA BANDERA

2018 | 7' | español, catalán, inglés

Dirección e guión: Carlos Martínez-Peñalver Mas.

Produción: Arnau Abella Travesset, OMEN.

Montaxe: Carlos Martínez-Peñalver Mas, Raúl García Egües.

Fotografía: Claudia Barberá.

Son: Benjamin Sánchez Watson.

Música: Oscar Lyons.

Elenco: Eloi Sánchez Palaiu, Virginia Expósito, Oriol Guanyabens.

Vai de: Eloi emerxe do mar, vestido de traxe e cargando unha pesada maleta. As súas vacacións acaban de comezar e tropeza cunha praia atestada de turistas.

Xénero: Comedia social, experimental.

O detalle: *Después de la bandera*, que vén de gañar o premio a Mellor Curta de Ficción no Suroscopia de Córdoba, foi rodada cunha Bolex, unha cámara de 16mm pensada para o cinema amateur que impuxo restricións técnicas e azar do celuloide ata influír directamente no proceso creativo da curta e cambiar a estrutura da mesma.

DIE HÖHLE (A COVA)

2018 | 13' | alemán con subtítulos en galego

[Estrea mundial]

Dirección e fotografía: Xabier Rúa.

Guión: Xabier Rúa, Xose Dopazo.

Produción e música: Xose Dopazo.

Montaxe: Juan Barreda, Xose Dopazo.

Son: Michael Müller.

Elenco: Marcus Günnewig, Wladimir Priel, Andra de Wit.

Vai de: Tres mozos excursionistas quedan atrapados no interior dunha cova. A situación é grave xa que se atopan sen víveres que levar á boca e fai frío. Unha mañá, un deles nota ao espertar que unha das súas pernas está conxelada. Os seus compañeiros tratan de tranquilizalo e salvar a perna mentres agardan polo rescate.

Xénero: Suspense.

O detalle: O director compostelano Xabier Rúa reside en Alemaña, onde rodou esta curta que se estrea en Cans que supón o seu debut na dirección e adapta un argumento do polifacético artista Roland Topor, membro do Grupo Pánico e autor de *O inquilino*, levada ao cine por Roman Polanski.

ESCARABANA

2017 | 10' | español, galego

Dirección, guión e montaxe: Sara Casanovas.

Produción: Marta Rodríguez.

Fotografía: Valentín Álvarez.

Son: José Pérez.

Música: Armandinho.

Elenco: Iván Marcos, Sara Casanovas, Ana Oca.

Vai de: A fame, a brétema, a fuxida... unha viaxe contra a propia natureza.

Xénero: Fantástico.

O detalle: Esta curta que traballa coa figura dos vampiros é a ópera prima como directora da actriz Sara Casanovas e ten pasado xa por festivais do prestixio de Sitges, Donosti ou o Monster Fest de Australia.

LA CUARTA PARED

2018 | 10' | español

[Estrea mundial]

Dirección: Martín Caínzos.

Guión: Carlos Aguado, Martín Caínzos, Silvia Barreiro.

Produción: Hugo Balboa, Meteoro Films.

Montaxe e fotografía: Álvaro Bernabeu.

Son: Laura Coteló.

Música: Carlos Aguado.

Elenco: Xelo Cagiao, Xavier Veiras, Nieves García, Raquel Couto.

Vai de: *Madrugada divina* é un programa de tarot que cada semana sofre a falta de audiencia. A piques de cancelarse, todo cambia cando Celso, o adiviño, recibe unha carta sen remitente no seu camerino.

Xénero: Drama, suspense.

O detalle: O actor Xelo Cagiao, que dá vida ao adiviño Celso, é habitual dos filmes do prestixioso cineasta portugués João Pedro Rodrigues.

MATRIA

2017 | 20' | galego

Dirección, guión e montaxe: Álvaro Gago.

Produción: Álvaro Gago, Sombriza Films.

Fotografía: Lucía C. Pan.

Son: Miguel Barbosa, Kevi Aragunde.

Elenco: Francisca Iglesias, Eulogia Chaves, Sara Dios, Pilar Fragua.

Vai de: Ramona vive co seu marido, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que lle une á súa filla e a súa neta.

Xénero: Drama social.

O detalle: *Matria* ocupa xa un lugar destacado na historia do cinema galego logo do seu impresionante percorrido por festivais, con premios en Sundance, a Seminci ou ALCINE. O director Álvaro Gago xa foi premiado en Cans 2015 pola súa curta *Curricán*.

PAXARO ESCURO

2017 | 17' | galego

Dirección e guión: Simón Casal de Miguel.

Produción: Simón Casal de Miguel, Lucas Nadal.

Montaxe: Luis Millares, Simón Casal.

Fotografía: Antonio Vales.

Son: David Machado.

Música: Sergio Valdivieso, Fennesz.

Elenco: Toni Salgado, Carlos Sante, Sabela Arán, Camila Bossa.

Vai de: Galicia, 2035. Tras a Fractura, os estados foron troceados e vendidos ás corporacións. O 80% do territorio galego está arrasado. Non queda rastro de ningún paxaro. Un mercenario recibe a misión de capturar a unha líder da guerrilla que loita contra o sistema dende as áreas que aínda permanecen virxes.

Xénero: Ciencia-ficción, thriller.

O detalle: Antes desta distopía na que aborda unha posible Galicia do futuro e denuncia as actividades extractivas das multinacionais, Simón Casal dirixiu previamente a longa *Lobos sucios*, na que abordaba a presenza dos nazis en Galicia para explotar o wólfam durante a Segunda Guerra Mundial.

PINGAS

2018 | 10' | galego

Dirección e guión: Déborah Vukušić.

Produción: Déborah Vukušić, Carlos F. Sanjurjo, Celia Rodríguez, Paco Vaz, Xela Lamas.

Montaxe: Jose Aragunde.

Fotografía: Jose Aragunde.

Son: Iago Souto.

Música: Nicolás Pastoriza.

Elenco: Fernando Morán, Mariana Carballal, Saamira Ganay, Marielvy Martínez, Salvador del Río.

Vai de: O capitán cumpre 80 anos e decide sacar á luz a verdade sobre un feito que, dalgunha maneira, lles atinxe a todos nunha sobremesa inqueda.

Xénero: Comedia dramática.

O detalle: A autora, Déborah Vukušić, é tamén escritora (traducida ao croata, inglés, francés e grego) e actriz (*O final do camiño*, *A praia dos afogados*, *Vilamor*, *Matalobos*).

REM

2017 | 11' | galego

[Estrea mundial]

Dirección, guión e montaxe: Xoán Bregua.

Produción: Sandra Guedev.

Fotografía: Iago Vilarinho.

Son: Daniel Verde.

Música: Nerea Bello.

Elenco: Toño Casais, María Vázquez, Sofía Rey.

Vai de: Alex, coa axuda dunhas drogas que potencian a fase REM do sono, pode construír os seus propios mundos oníricos a partir dos seus recordos. Tenta revivir momentos felices coa súa familia pero os sonos sempre quedan invadidos polos pesadelos do recordo do accidente no que morreron a súa parella e a súa filla.

Xénero: Thriller psicolóxico.

O detalle: *REM* levou o primeiro premio na 6ª edición do Festival de Cine de Alfoz-Valadouro.

THE FILM MACHINE

2018 | 6' | inglés con subtítulos en galego

[Estrea en España]

Dirección e guión: Sonia e Miriam Albert Sobrino

Producción, montaxe e fotografía: Also Sisters

Son: Bt. Measles, Also Sisters.

Elenco: Whitney Palmer, Jason Wixom, Gavin Monson, Brad Davis, Alec Barney.

Vai de: *The Film Machine* é un asalto ao xénero de terror e á arrogante estrutura narrativa dos tres actos.

Xénero: Terror, metaficción.

O detalle: Esta curta das Also Sisters foi rodada en Utah, onde residen, despois de ter realizado a súa primeira longa *A historia dun satélite*, que se estreou en Cans o ano pasado.

VAN

2018 | 16' | español

[Estrea mundial]

Dirección: Claudia Alonso e Cristina Burgos.

Guión: Claudia Alonso.

Producción: Cecilia Gil, Laura Pena.

Montaxe: Silvia Troncoso.

Fotografía: Alejandro Rodríguez.

Son: Xes Diéguez.

Música: Daniel Cornes.

Elenco: Michal Kamac, Alejandro Izquierdo, David Carbó, Laura Pena.

Vai de: Unai e Gabi emprenden unha viaxe inesperada en furgoneta. Polo camiño van atoparse con persoas que cambiarán as súas perspectivas e lles axudarán a superar os seus conflitos.

Xénero: Drama, *road movie*.

O detalle: *Van* é froito do obradoiro “Celanova, plató de ficción”, que impulsa o Curso de Medios Audiovisuais desta localidade conxuntamente coa Universidade de Vigo. Aínda así, a rodaxe fíxose en Baiona, Nigrán, Oia e Tomiño.



Animación

A Sección Oficial de Animación nesta 15ª edición do Festival de Cans amosa as diferentes tendencias presentes no mundo da imaxe animada a nivel internacional: veremos curtas realizadas por veteranos e veteranas de diferentes técnicas, como Sabrina Zerkowitz, Juan Carlos Pena ou Luis Usón, pero tamén traballos realizados por cineastas que veñen das Belas Artes como Borja Santomé ou David Fidalgo Omil e o debut de Ariadna Cordal, estudante da UVigo. Seis pezas, dúas das cales (*Estela* e *Siglo XXI*) son estreos, coas que Cans volve converterse nun dos espazos de referencia en Galicia para desfrutar da animación en todas as súas vertentes.

AFTERWORK

2017 | 6' | sen diálogos

Dirección: Luis Usón, Andrés Aguilar.

Produción: Matte CG coa colaboración de Uson Studio e Apus Estudio.

Guión e montaxe: Luis Usón.

Fotografía: Rodrigo Chico.

Música: Manuel Riveiro, Txabi Mira.

Vai de: Todos estamos condenados a traballar e repetimos unha e outra vez as mesmas rutinas baleiras. Podemos alcanzar esa céniora coa que queren manternos ocupados para sempre, perseguindo eternamente algo que non precisamos? Groompy, un divertido debuxo animado, está a piques de descubri-lo.

Xénero: Fantástico, Drama, Comedia..

O detalle: Premiado no SIGGRAPH Asia Computer Animation Festival (Tailandia), no Festival de Cine de Málaga e en Animago.

EL RELOJ

2017 | 5' | sen diálogos

Dirección, guión e montaxe: Borja Santomé.

Vai de: *El reloj* é un relato sobre a viaxe e o cambio, sobre o paso da costa á gran cidade e o diálogo entre o doce e o macabro. Un xove explorador descóbrenos esa parte inqueda da cidade, vagando polas calellas a modo de observador desquiciado.

Xénero: experimental.

O detalle: A innovadora técnica de animación deste creador levouno a ter o pasado ano unha "mención especial do xurado" en Cans pola súa anterior curta *Lago sabroso*.

ESTELA

2017 | 3' | sen diálogos

[Estrea mundial]

Dirección e guión: Ariadna Cordal García.

Montaxe: Ricardo Araújo Gil.

Fotografía: Jorge Castro López.

Música: Daniel Cornes Naish.

Vai de: Unha rapaza atopa unha estrela e os acontecementos sucédense...

Xénero: Fantástico.

O detalle: *Estela*, debut na animación da xove cambadesa Ariadna Cordal, gañou un accesit na modalidade de Animación do XV Premio de creación audiovisual Universidad de Vigo.

PEIXES

2018 | 6' | galego

Dirección, guión e montaxe: Juan C. Pena.

Produción: QatroGatos - Juan C. Pena.

Fotografía: Cristian Franganillo.

Son: Jorge Glez. Colado.

Música: Cristian Franganillo.

Elenco: Antón Cancelas.

Vai de: Nunha pequena cova no fondo do mar, un vello peixe cóntalles a un grupo de peixes novos a vella lenda dun peixe que queixo saber que había máis aló da auga.

Xénero: Aventuras, comedia, drama.

O detalle: O seu autor Juan Carlos Pena co-dirixiu co debuxante David Rubín a longametraxe de animación *O espírito do bosque* para Dygra Films, pioneiros da animación 3D en Europa.

SEA

2017 | 4' | sen diálogos

Dirección: Sabrina Zerkowitz

Produción: Guille Martín.

Son: Raúl Costafreda.

Vai de: Un barquiño de papel aterriza nun pequeno mar que ferve de pequenas vidas.

Xénero: Comedia fantástica.

O detalle: Seleccionada en festivais como o Mumbai Shorts International ou o Ecozine Film Festival, *Sea* é un filme en stop motion que emprega a area como material a animar.

SIGLO XXI

2017 | 4' | español

[Estrea mundial]

Dirección, guión e produción: David Fidalgo Omil.

Vai de: *Siglo XXI* é unha reflexión crítica e irónica sobre o machismo que hai en televisión e o absurdo que enche as redes sociais.

Xénero: Experimental.

O detalle: David Fidalgo está a desenvolver unha interesante traxectoria como animador que o levou a estar na competición oficial das últimas tres edicións de Cans.



FuraCans - Non ficción

Por primeira vez na súa historia, o Festival de Cans incorpora na súa Sección Oficial unha competición de curtametraxes de non ficción, que leva o nome de FuraCans, recollendo o nome da mostra de filmes arriscados de anos anteriores. Deste xeito, outorga un espazo preeminente a aqueles filmes que exploran as diferentes variantes do documental, dando un novo pulo a esta sección e ofrecéndolle ao público de Cans unha mostra de pezas cheas de procura estética e con xeitos de narrar afastados do convencional. Estas curtas completan ademais a panorámica do cinema galego que o Festival ofrece, complementando a variedade da ficción con filmes que exploran o etnográfico, a autobiografía ou as temáticas sociais. Dúas das nove pezas (*Marxes* e *Tiempo*) son estreos absolutos, e *Forest* e *Americano* terán en Cans a súa estreos en España e Galicia respectivamente.

AMERICANO

2017 | 16' | inglés, español

[Estrea en Galicia]

Dirección: Fon Cortizo.

Guión: Emanuel Xavier, Fon Cortizo, Alexandre Cancelo.

Produción: Fon Cortizo, Alexandre Cancelo.

Montaxe: Fon Cortizo.

Fotografía: Javier Álvarez.

Son: Alexandre Cancelo.

Música: Fran Márquez.

Elenco: Emanuel Xavier, Bob Holman, Ruth Mercedes Tapia, Leonardo Toro.

Vai de: Con 16 anos, Emanuel Xavier subsistía nas rúas de Manhattan como prostituto e vendedor de droga nalgúns clubs do circuito gay. Tras abandonar esa escena, comezou a traballar nunha librería onde descubriu a súa paixón pola poesía, que, asegura, "é a saída para liberarse da dor e a ira". Hoxe é unha das voces máis representativas da escena de Spoken Word de Nova York.

Xénero: Documental.

O detalle: Estreado no EIFF de Edimburgo, *Americano* foi tamén seleccionado en Zinebi (Bilbao) e no Festival Protesta (Vic).

CHARKPEN (ESPERANZA)

2017 | 14' | español

[Estrea en España]

Dirección e fotografía: Paulino Cadórniga.

Produción: Jesús A. Corrales Labrada, Paulino Cadórniga, Ana Belén Fernández, Némesis Audiovisual.

Montaxe: Paulino Cadórniga, Ana Belén Fernández.

Música: Alexandro González.

Elenco: Naa Elesken Selk'nam, Jonathan Heredia.

Vai de: Corrupción, guerras, terrorismo, maltrato ao medio ambiente, caos. Esta é a realidade no "primeiro mundo". Ao outro lado, os pobos indíxenas e a figura mítica dos gauchos vivindo en contacto coa natureza, loitando por manter as súas linguas, costumes e forma de vida.

Xénero: Documental.

O detalle: Rodado entre Arxentina e Chile co mínimo de material e espírito fotográfico, *Charkpen* pretende simbolizar, a través de imaxes suxerentes de cidades e paisaxes, a viaxe dende o "caos" actual á vella-nova forma de vida das e dos indíxenas Selk'nam.

EUROPA

2017 | 28' | español

Dirección, guión e montaxe: Hugo Amoedo.

Música: Hugo Amoedo, Brieuc Angenot, Beethoven.

Elenco: María Pérez, Hugo Amoedo.

Vai de: Crónica da crise existencial dun mozo galego emigrado, contada a través de vídeos dixitais e mensaxes online.

Xénero: Videodiario.

O detalle: *Europa* forma parte dunha “Triloxía Belga” de Hugo Amoedo, xunto con *Camping Wesertal* (2013) e o seu próximo traballo, *Young Professionals*.

LA MUJER INVISIBLE

2017 | 15' | castelán, portugués, rumano

Dirección, guión, fotografía: Noemí Chantada.

Producción: Islandia.

Montaxe: Oscar Pardo.

Son: David Machado (La Panificadora Estudios).

Vai de: Ela vive nun pequeno apartamento de Vigo e asemellaríase a calquera rapaza da súa idade se non fose pola tristeza que reflexa o seu rostro. Porque cando a tarde chega, ela muda a pel: muda as súas roupas, muda o seu nome, muda. Así, pode aguantar outra noite máis. Só outra noite máis. Só un mes máis. Só un ano máis.

Xénero: Documental.

O detalle: A directora Noemí Chantada colaborou como voluntaria con Médicos del Mundo Galicia durante dous anos, investigando e entrando en contacto con mulleres en situación de prostitución. *La mujer invisible* céntrase nunha desas mulleres e gravouse durante dous meses de convivencia nun piso de alterne.

FOREST

2017 | 2' | español

[Estrea en España]

Dirección e fotografía: Guille Vázquez.

Son: Gabriel Fernández.

Música: Thomas Köner.

Elenco: Víctor Rolle.

Vai de: Unha evocadora exploración do misterio da paisaxe arredor do bosque.

Xénero: Experimental, suspense.

O detalle: *Forest*, que foi seleccionada no Concordia Film Festival de Montreal (Canadá), é o debut como director deste director de fotografía de A Mariña que estudia en Madrid.

MARXES

2018 | 8' | español, galego

[Estrea mundial]

Dirección, guión, montaxe e fotografía: Sara Chuerches.

Producción: Ángela Rodríguez.

Son: Exulansis.

Música: The aurora princepe.

Elenco: Isabel Camba Fernández, Josefa Vázquez Martínez, Manolo, Ruth Liliana Casas de López, Rosa, Balbir Bains, María Teresa Patiño Míguez.

Vai de: Dende pequenos ensinannos a escribir correctamente para non sobrepasar a marxe. Medramos e a vida vaise complicando, indo ás veces por camiños que non esperabamos transitar nunca. Os estudos, a familia, os amigos, o traballo... van moldeando o noso itinerario e nós somos os protagonistas. Un día decatáste de que estás na marxe, un lugar onde estaba prohibido entrar.

Xénero: Documental.

O detalle: A autora Sara Chuerches traballa habitualmente en asociacións de apoio a persoas en risco de exclusión, polo que rodou a curta cunha total implicación cos seus personaxes.

RAPA DAS BESTAS**2017 | 10' | sen diálogos****Dirección:** Jaione Camborda Coll.**Producción:** Esnatu Zinema.**Son:** Juan Carlos Blancas.**Vai de:** A tradición e o espectáculo lévannos a ser testemuños da relación corpo a corpo do home e o animal nun contexto de loita.**Xénero:** Etnodocumental.**O detalle:** Este traballo de Jaione Camborda foi premiado en festivais como L'Alternativa (Barcelona), Curtocircuito, Filmadrid ou Fidocs (Santiago de Chile).**TIEMPO****2018 | 3' | castelán****[Estrea mundial]****Dirección, guión e montaxe:** Alicia Alonso García.**Son:** Alicia Alonso García.**Música:** Remy Bourgeois.**Vai de:** Unha reflexión sobre a miseria emocional á que estamos abocadas nunha sociedade ao límite de sí mesma. Os traumas, os medos e as feridas do pasado ábrense paso cara un mundo no que poucos entenden que o afecto é o máis necesario.**Xénero:** Ensaio poético.**O detalle:** Rodada co apoio da escola de Imaxe e son, *Tiempo* é o prometedor debut da realizadora Alicia Alonso García, tamén presente na competición de videoclips desta edición do Festival.**SALITRE NAS VEAS****2017 | 12' | galego****Dirección:** Adrián Canoura.**Vai de:** O home e o mar son descoñecidos o un para o outro. Da mesma forma que o mar garda tesouros ocultos, o home tamén garda os seus, os seus segredos. O home e o mar loitan contra o tempo, loitan contra a súa extinción, contra o final de si mesmos. Pero tamén se respectan por igual.**Xénero:** Experimental.**O detalle:** Esta peza de Adrián Canoura, que tamén participa na competición de videoclips con "Camiños", de Baiuca, foi parte da Sección Oficial do Festival du Nouveau Cinéma (Montreal) e do Bogotá Short Film Festival.



Videoclips

Dentro do audiovisual, os videoclips xogan sempre un papel de interese pola súa inmediatez e versatilidade: o mesmo poden achegarse ao cinema experimental que construír pequenas narrativas, ás veces funcionan como laboratorio de ideas para novos cineastas e outras atopamos artistas con longas traxectorias centradas nos vídeos musicais. O concurso de videoclips do Festival de Cans, que ten lugar na Noite Gia do xoves 24 de maio, é un evento de enorme popularidade que recolle a variedade de estilos e talentos da música galega e a destes realizadores e realizadoras. No visual, o abano da selección desta 15ª edición vai dende o traballo co *found footage* de Adrián Canoura á sensibilidade paisaxística de Mar Catarina ou Xaime Miranda, pasando pola animación de Myriam Pato ou Rubén Domínguez. No musical, poderemos escoitar dende o hip hop combativo de Ezetaerre ao folk intimista de Peña, pasando polo rock alternativo de You Dog!! ou o noise de Disco Las Palmeras!

Duración da sesión: 67 minutos.

1. Peña - ***“Fai o que queiras”***. Dirixe: Montse Piñeiro.
2. Silvia Penide con Eladio Santos - ***“Sobre el mismo alambre”***. Dirixe: Miryam Pato.
3. Selvática - ***“Sal y sangre”***. Dirixe: José Miguel Sagüillo.
4. Ataque Escampe - ***“Papá borracho”***. Dirixe: Mar Catarina.
5. You Dog!! - ***“The Battle of the Good Men”***. Dirixen: Pablo Banga e Antonio Caeiro.
6. A Veces Ciclón - ***“Devalo”***. Dirixe: Rubén Domínguez.
7. Linda Guilala - ***“Primavera negra”***. Dirixe: Sara Chuerches.
8. Oh! Ayatollah - ***“Volve a canción protesta”***. Dirixe: Xaime Miranda.
9. Disco Las Palmeras! - ***“Hoy”***. Dirixe: Javi Camino.
10. Baiuca - ***“Camiños”***. Dirixe: Adrián Canoura.
11. Ezetaerre - ***“Acto I: O fío vermello”***. Dirixe: Juan Pirola.

12. Breakin' Bones - ***"Puertohurricane"***. Dirixen: Daniel Alonso e Gemma Marqués.
13. Pantis - ***"Mar"***. Dirixe: Rubén Domínguez.
14. Pólvora - ***"Isla Futura"***. Dirixe: Soledad Rebollo.
15. Boyanka Kostova - ***"Eu non sei por que"***. Dirixe: Alicia Alonso.
16. Chicharrón - ***"Suicidio tímido"***. Dirixe: Xoan Escudero.
17. Mequetrefe - ***"Finlandia"***. Dirixe: Xaime Miranda.
18. BALA - ***"Omertá"***. Dirixe: Gero Costas.



XURADOS

Xurado Ficción/Animación

Nieve de Medina, actriz.

Actriz que ten participado en máis de dez longametraxes, entre as que destacan *El Bola* de Acherio Mañas ou *Los lunes al sol* de Fernando León de Aranoa, interpretación pola que estivo nominada ós Goya. Ten traballado en teatro, numerosas series de televisión e sempre está disposta a embarcarse na rodaxe de curtametraxes.

Felipe Lage, produtor.

Á fronte da súa compañía Zeitun Films, Felipe Lage converteuse nun dos máis prestixiosos produtores de Galicia. Os seus éxitos internacionais con filmes como *Todos vós sodes capitáns* e *Mimosas*, dirixidos polo seu irmán Oliver Laxe, ou *Costa da Morte* de Lois Patiño, avalan esta traxectoria como un produtor inconformista e arriscado.

Anxos Fazáns, directora e guionista.

Formada en dirección na ESCAC de Barcelona, a Anxos Fazáns vímola medrar como curtametraxista nas diferentes edicións do Festival de Cans. Este ano estrea a súa primeira longametraxe, *A estación violenta*, filme de Matriuska Producciones que abre a 15ª edición de Cans.

Isabel Naveira, actriz.

Agora recoñecida en toda España co seu papel de Pilar Charlín na exitosa serie *Fariña*, a Isabel Naveira xa a coñeciamos en Galicia polo seu gran traballo en series como *Serramoura* ou anteriormente *Mareas vivas*. Ten traballado en varias longametraxes e numerosas curtametraxes. Un dos primeiros premios da súa carreira recibíuno en 2006 en Cans, o premio á mellor actriz pola curta *Te quiero mal*.

Borja Cobeaga, director e guionista.

Cunha traxectoria de 14 curtametraxes, en 2007 o nome de Borja Cobeaga fíxose coñecido ó ser finalista dos Óscar coa súa curta *Éramos pocos*. A partir de aí, comezou unha imparabile carreira, onde dirixiu filmes recoñecidos como *Pagafantas*, *Negociador* ou, máis recentemente, *Fe de etarras*. De todas elas foi tamén guionista ou coguionista, así como de outros filmes de enorme éxito como *Ocho apellidos vascos*.

Xurado FuraCans (Non ficción)

Ángeles Huerta, directora e guionista.

Directora do recoñecido documental *Esquece Monelos*, co que ven de acadar múltiples recoñecimentos, entre eles tres Mestre Mateo. Anteriormente, a súa curtametraxe *The Fetch* fora tamén premiada en Cans. Prepara *O corpo aberto*, a que será a súa segunda longametraxe.

Isabelle Le Gonidec, xornalista.

Xornalista na emisora Radio France, onde está especializada en informacións relacionadas co cine e co ámbito cultural. Ten cuberto numerosos eventos culturais e festivais como o Festival de San Sebastián. Vive en París, pero reside temporadas en Galicia.

Luis Avilés, director e presidente de CREA.

Realizador de ampla traxectoria e presidente de CREA, a asociación de realizadoras e realizadores de Galicia. En 2010 dirixiu a longametraxe *Retornos*, e no último ano ven de ter un gran recoñecemento co documental *Os días afogados*, que dirixiu con César Souto. Ademais de documentais e longametraxes ten dirixido videoclips ou curtas.

Xurado Videoclips

Paloma Zapata, directora.

Realizadora formada inicialmente en Belas Artes e videoarte, dirixe en Barcelona a produtora La Fábrica Naranja. Ten unha ampla traxectoria como realizadora de videoclips para recoñecidas bandas como Caléxico, Izal, Amparanoia ou Julián Maeso. Dirixiu o documental musical *Casamance: La banda sonora de un viaje*, rodado en África co músico Depedro, que se proxectará en Cans.

Eduardo Herrero, xornalista, músico e director.

Xornalista da TVG e músico da banda En Casa del Herrero. Director do programa musical da Radio Galega *Fío condutor*. Está preparando con Manuel Lemos o documental *Kevin vs. Ray*, sobre a peripecia vital de Kevin Weatherill, líder da histórica banda Immaculate Fools.

Fernando F. Rego, crítico musical e escritor.

Crítico musical e escritor. Colaborador de Mondosonoro e Rockdelux e responsable do selo Ferror Records. Administrador de La Fonoteca, plataforma dixital de referencia da música galega. Autor, entre outras obras, de *Galicia en clips* (con Pablo Portero, Volta, 2011), manual referencial dos videoclips galegos, e da biografía *Andrés Dobarro: Saudade* (La Fonoteca, 2015). Está a piques de publicar con Galaxia *Unha historia musical en Galicia: 1952-2018*.

Xurado dos veciños

Belarmino Giráldez, “Mino do Monte”

Ten 76 anos e é traballador xubilado da construción. Vive no Barrio do Monte, o punto máis alto da aldea de Cans.

Mónica Acuña, “Mónica do Cuñas”

Ten 44 anos e é peixeira na Praza de O Porriño. Vive no barrio da Buraca.

Manuel Sánchez Campos, “Lolo de Julia”

Ten 59 anos e traballa na estación da Inspección Técnica de Vehículos. Vive no barrio da Carreira.

Saladina Rodríguez Fortes, “Dina da Cavadiña”

Ten 82 anos e traballou como ama de casa, agora xa xubilada. Do barrio da Cavadiña.



MÚSICA

MÉRCORES 23

Día dos veciños e veciñas

Pandereiteiras de Cans e acordeonistas “Acordecans”

Mércores 23 | 22h00 | Torreiro de Cans

Antes de deixar paso á xente que vén a Cans dende o resto do mundo, contaremos co fantástico talento local para abrir o apartado musical nestas quince primaveras de Cans. Noite de festa na noite das veciñas e veciños coas pandereiteiras da parroquia e os Acordecans, que tamén participarán no Roteiro CansSonoro con Xurxo Souto. Este ano actuarán por primeira vez no Torreiro de Cans, o espazo emblemático dos grandes concertos de Cans, e seguro que non nos van defraudar.

XOVES 24

Desfile de chimpíns

Os Zoqueiros

Xoves 24 | 19h00 | Praza do Concello

A banda de gaitas Os Zoqueiros, máximos representantes do folk e a tradición musical galega no Porriño, acompañará unha das actividades máis icónicas do Festival de Cans: o desfile de chimpíns.

Noite Gia Inmobiliaria

Esteban & Manuel

Xoves 24 | 23h30 | Praza do Concello

Calificados como “o maridaxe definitivo entre a sesión vermú e a cumbia underground”, Esteban & Manuel recuperan os ritmos latinos de verbena como o merengue ou a citada cumbia e, a través dun sanísimo sentido do humor e un virtuosismo do que non se fala o suficiente, poñen a bailar a todos os públicos. Entre os prestixiosos escenarios que xa vibraron con eles están o mesmo festivais indies como o Monkey Week ou o Cara B de Barcelona que o emblemático Camping Camaleón de Los Caños de Meca (Cádiz). Que non cho contem!

VENRES 25

Concerto Mahou Cinco Estrellas

Depedro

Venres 25 | 21h00 | Espazo Mahou da Leira de Alicia

Depedro é o proxecto musical de Jairo Zavala, unha proposta transfronteiriza que volca influencias musicais, estéticas e culturais de Latinoamérica, África, o Mediterráneo ou Estados Unidos nunha carreira musical que xa acumula catro Lps editados en máis de trinta países, e a colaboración con artistas do prestixio de Calexico, Bunbury, Tom Hagerman ou Los Coronas. A unión de linguas e tradicións ao compartir cancións é a constante dunha carreira de búsqueda constante, da que temos tamén un exemplo no documental *Casamance, historia dunha viaxe musical*, que se proxectará ás 18h30 no Baixo de Bugarín e recolle o seu percorrido por Senegal buscando ao lendario Lamine Konté.

Procesión de chimpíns

Treboada Baixo Miño

Venres 25 | 21h30 | Saída do Baixo de Moncho

Caracterizados polo poderoso uso dos seus bombos e percusións, a Treboada Baixo Miño representa o máis fondo da tradición musical miñota. Entre o lúdico e o solemne, chegan a Cans para acompañar a procesión de chimpíns dende o Baixo de Moncho ata o Torreiro de Cans.

Triángulo de Amor Bizarro

Venres 25 | 00h00 | Torreiro de Cans

Logo de tres lustros de impecable traxectoria, Triángulo de Amor Bizarro son xa un grupo mítico do pop español, tan capaces do *hit* instantáneo (“Estrellas místicas”, “De la monarquía a la criptocracia”, “El himno de la bala”) como da explosión de ruído, e cun estilo lírico completamente recoñecible, capaz do romántico e do político sen caer no cursi nin no panfletario. Este 2018, o grupo de Boiro acaba de estrear o seu EP *El gatopardo*, no que toman a herdanza temática das cantigas de escarnio e maldizer adaptándoas aos nosos tempos, vinculando a España actual e o vello imperio.

Sesión Discochimpín: David van Bylen DJ

Venres 25 | 01h30 | Torreiro de Cans

Produtor, remesturador e DJ, David Van Bylen é coñecido por ser a voz da banda de dance-rock Estereotipo. Habitual de cabinas como Independance Club (Madrid), La3 (Valencia) ou REM (Murcia), é considerado a persoa de referencia para os remixes do indie español, converténdoa en música de baile. As súas sesións xuntan estilos ben diversos (pop, rock, indie, electrónica, disco, funk, soul, house...) baixo o denominador común do baile e o bo rolo.

SÁBADO 26

Banda de Música de Rubiós

Sábado 26 | 13h00 | Pasarrúas dende a Rotonda do Can e sesión vermú no Torreiro de Cans

Esta banda que vén do concello de As Neves ten o estatus de lenda na provincia de Pontevedra, onde leva amenizando ao público con música popular dende 1892! Unha bagaxe centenaria que se amosa na riqueza do seu repertorio, onde non faltan nunca as músicas de cine.

MounQup

Sábado 26 | 16h30 | Cans Voulevar

Camille Hedouin é MounQup. Esta francesa afincada no rural ourensán constrúe cancións nas que se superpoñen os miles de rexistros e formas da súa voz a bases electrónicas, nun collage máxico de bucles sonoros e sensacións que a leva a ser comparada frecuentemente coa islandesa Björk. Tan preto da vangarda como da calidez da música popular, a de MounQup é unha música sen prexuízos, que emprega tanto o galego como o francés ou inglés, que trata tanto o cotián e o íntimo como as problemáticas sociais, e que ten como centro un carisma escénico difícil de esquecer.

Kevin Weatherill

Sábado 26 | 18h00 | Invernadoiro e Cuberto de Mucha do Peso

Concerto + presentación avance do documental *Kevin vs. Ray*

Prezo: 5€.

Duración: 75 minutos (30' avance + 45' concerto)

En España e máis especialmente en Galicia moita xente lembra a Kevin Weatherill como o líder dos míticos Immaculate Fools, unha banda maldita na súa Gran Bretaña natal que foi acollida con entusiasmo por moreas de fans en España e Alemaña. Cun pé no pop máis memorable e outro nas tradicións folk (tanto a celta como a americana), acumularon moreas de cancións inesquecibles. Logo da disolución da banda a finais dos 90, Weatherill volveu a traballar dende abaixo co nome de Dirty Ray e rematou por afincarse recentemente en Cambados. Terémolo en Cans actuando e presentando as primeiras imaxes do documental biográfico *Kevin vs. Ray*, dirixido polos galegos Eduardo Herrero e Manuel Lemos.

Pardo

Sábado 26 | 18h30 | Cans Voulevar

O coruñés Néstor Pardo definiuse algunha vez como “cantautor nacido no rock and roll, criado no blues e o jazz e emancipado no folk e a música latina”. Logo dunha traxectoria na que foi cantante e guitarrista de bandas fundamentais do rockabilly (The Loveless Cousins) e do rhythm and blues (The Allnight Workers) en Europa, na súa carreira en solitario practica un sano eclecticismo, posible pola forza e versatilidade que leva na súa voz e a súa guitarra. Nos seus dous últimos discos, *Libélula* e *Siento no haber sido lo esperado*, revelouse ademais como un notable letrista en castelán.

Familia Caamagno

Sábado 26 | 19h30 | Torreiro de Cans

Familia Caamagno teñen un dos directos máis poderosos do panorama galego actual: como todas as grandes bandas de rock and roll, viven a paradoxa de ser unha máquina perfectamente engraxada que desata o descontrol bailongo do público. Melodías pop, suciedade garaxeira ou humor cun toque bravú son os elementos deste grupo que, ademais de temas propios tan vibrantes como “No tempo do lobo” ou “O ritmo da caverna” destaca polas súas adaptacións libres ao galego de Chuck Berry, os Easybeats, os Standells ou mesmo Hefner.

Pantis

Sábado 26 | 20h30 | Invernadoiro e Cuberto de Mucha do Peso.

Concerto + retrospectiva de clips de Rubén Domínguez

Prezo: 3€.

Duración: 75 minutos (30' retrospectiva + 45' concerto)

Pantis é o proxecto en solitario de Rubén Domínguez, unha das persoas fundamentais para entender a música galega dos últimos anos, sexa polo seu traballo como músico en Telephones Rouges, Chicharrón ou Metralletas Lecheras ou pola súa labor no como deseñador e realizador audiovisual. En Pantis elabora un emocionante pop electrónico, de letras e texturas fermosas pero inqedantes que se ubican sobre ritmos obsesivos. Dá pé a unha catarse bailable, na que chegamos a sentir por riba das nosas posibilidades. En Cans teremos a oportunidade de desfrutar do seu concerto unido a unha retrospectiva do seu traballo no ámbito do videoclip, que inclúe traballos para Señor Anido, Novedades Carminha, Peña, Franc3s ou Mullet.

Tanxugueiras

Sábado 26 | 22h00 | Cans Voulevar

O ano pasado, o vídeo dunhas novísimas pandereiteiras galegas improvisando no camerino do Festival Celtic Connections de Glasgow viralizouse. As rapazas que abraiaron a 300.000 persoas na rede eran Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro, tres extrovertidas e orixinais voces procedentes de Teo e do Barbanza que comezaron en 2016 a amosar nos escenarios todo o aprendido, recollido e herdado das nosas avoas co nome de Tanxugueiras. A súa actitude desenfadada e o talento das súas voces non fai máis que confirmalas como as grandes promesas da música folk galega actual.

Sesión Discochimpín: Edu Romero DJ

Sábado 26 | 22h00 | Espazo Mahou da Leira de Alicia

Edu Romero é vigués, é baixista dos desaparecidos Nadadora, cofundador de Coconut Producciones e apaixonado da música. E tamén é un dj que, como bo fan do underground dos 90 e dos ritmos máis bailables sen prexuízos, promete unha sesión ben movida.

Burning

Sábado 26 | 00h30 | Torreiro de Cans

Probablemente a banda en activo máis mítica de España, Burning seguen fieis ao estilo que os fixo populares: se Lou Reed ou Johnny Thunders cantaban sobre as rúas de Nova York, o rock and roll de Burning adaptouse como unha luva ao universo do seu Madrid, co plus de ser pioneiros no uso do castelán. Poñendo o foco nas festas, o sexo e o alcohol, pero tamén en temas marxinais, deron pé a clásicos como “¿Qué hace una chica como tú en un sitio como este?”, “Mueve tus caderas” ou “Jim Dinamita”, que repasarán comandados polo carismático Johnny Cifuentes.

Sesión Discochimpín: Rafa Morcego DJ

Sábado 26 | 01h30 | Torreiro de Cans

Rafa Morcego é un referente da noite en Galicia. Dende o seu debut no ano 1987 amenizou as xornadas en locais como Frenheit, Hipódromo, Factoría, La Radio, La Iguana Club... Actualmente é residente de A Reixa Bar en Compostela, onde segue facendo bailar a todo o mundo co seu coñecemento enciclopédico do rock and roll. Ningún sitio mellor que Cans para celebrar os seus trinta anos de traxectoria.



LONGAMETRAXES: PASO AOS MILLENNIALS

A selección de longametraxes para esta 15ª edición do Festival de Cans ten como columna vertebral tres filmes marcados por varias características en común: son pezas cun forte carácter xeracional e realizadas por cineastas novos, millennials debutantes no formato que pasaron xa por Cans como curtametraxistas e piden paso no cinema galego. Trátase de ***A estación violenta*, de Anxos Fazáns, *British Winters*, de Roque Cameselle e Andrew Turner, e *Sevilla y Gomorra*, de Ángel Filgueira**. Para Fazáns e Filgueira é a súa primeira longa, e no caso de Cameselle é a primeira que fai fóra do campo da animación. As tres películas teñen en común as historias de incerteza duns personaxes que afrontan dunha maneira ou outra o fin da súa mocidade, coas angurias vitais derivadas e os bares como escenario principal no que atopar bebidas e outras substancias para fuxir desa realidade que por veces ameaza con esmagalos. *A estación violenta* e *British Winters* compartirán o rol de filmes de apertura, mentres *Sevilla y Gomorra* estreará a programación audiovisual do novo espazo de Cans: o Invernadoiro.

Completa a selección ***Versogramas***, estrea en festivais de Galicia na que os consagrados **Belén Montero e Juan Lesta** parten da idea orixinal doutra millennial, **Celia Parra**, para realizar a primeira historia da videopoesía feita dende a perspectiva galega. Nas proxeccións dos catro filmes contaremos coa presenza de cineastas e protagonistas das mesmas.

FILMES DE APERTURA

BRITISH WINTERS

2017 | 100' | inglés

Dirección: Andrew Turner, Roque Cameselle.

Guión: Andrew Turner.

Producción: Steve Swindon, Neil Dunsire, Lee Welburn, Sara Pearson, TAPE Community Music and Film.

Montaxe: Andrew Turner, Roque Cameselle.

Fotografía: Liam Plimley.

Son: Sean Pritchard, Lukasz Kusmirek.

Música: Andrew Kemp.

Elenco: Andrew Turner, Jess Healy, Josephine Wynne-Eyton, Jonathan Williams.

Vai de: Noel Winters síntese só este Nadal. Só, malia estar rodeado de amigos e familia. Esta é a historia dun apático mozo, que xa non é tan mozo, tentando cambiar o seu estilo de vida. Desilusionado consigo mesmo e co mundo que o rodea, atopará inspiración na súa irmá pequena, Hannah.

Xénero: Comedia dramática.

O detalle: É a primeira longa de imaxe real dirixido polo tudense Roque Cameselle, despois de ter debutado na animación con *El pequeño mago*. Antes de ser un filme, *British Winters* foi unha novela, escrita por Andrew Turner ao rematar a súa etapa universitaria en 2008, para logo atopar os recursos para filmar gracias a TAPE Community Music and Film, unha asociación que apoia proxectos creativos.

Xoves 24 | 17h00 | Círculo Recreativo Cultural

Coa presenza dos directores Roque Cameselle e Andrew Turner, tamén protagonista do filme

A ESTACIÓN VIOLENTA

2017 | 73' | galego

Dirección: Anxos Fazáns

Guión: Anxos Fazáns, Ángel Santos, Xacobe Casas, Daniel Froiz.

Producción: Daniel Froiz, Matrioska Producciones.

Montaxe: Anxos Fazáns, Iria Silvosa, Diana Toucedo.

Fotografía: Alberte Branco.

Son: Xavi Souto.

Música: Charles Rapante.

Elenco: Alberto Rolán, Nerea Barros, Xosé Barato, Laura LaMontagne, Antonio Durán 'Morris', Xiana Arias.

Vai de: A vida non é inofensiva. Pode ser esgotadora e frustrante. A Manuel gustaríalle ser escritor, pero en lugar diso vive atrapado na súa rutina, incapaz de afrontar as súas emocións. O verán e o inesperado reencontro cos seus mellores amigos de xuventude farán estoupar todas as súas pulsións.

Xénero: Drama.

O detalle: *A estación violenta* é unha adaptación libre da primeira novela de Manuel Jabois e pasou xa polo BAFICI, o Festival de Cine Europeo de Sevilla ou o D'A de Barcelona. A de Cans será a súa primeira grande proxección pública en Galicia antes da súa estrea en salas.

Xoves 24 | 20h00 | Círculo Recreativo Cultural

Coa presenza de Anxos Fazáns, Manuel Jabois, Nerea Barros, Alberto Rolán, Xosé Barato e Antonio Durán 'Morris'

OUTRAS LONGAMETRAXES

VERSOGRAMAS

2018 / 75' / galego, español, inglés

Dirección: Belén Montero, Juan Lesta.

Guión: Belén Montero (idea orixinal: Celia Parra).

Producción: Juan Lesta, Belén Montero, Esferobite S.C., Celia Parra.

Fotografía: Ricky Morgade.

Música: Isaac Garabatos.

Elenco: Branca Novoneyra, Yolanda Castaño, Dionisio Cañas, Miriam Reyes, Antón Reixa, Eugeni Bonet, Martha McCollough, Daniel Cuberta.

Vai de: *Versogramas* é unha viaxe emocional cara o descubrimento dun novo fenómeno artístico de crecente popularidade. Poetas e cineastas cóntannos como ven a vida a través deste xénero e axudan a contestar a pregunta: que é iso da videopoesía?

Xénero: Documental de creación.

O detalle: *Versogramas* é un proxecto transmedia que inclúe, ademais do documental de creación que veremos en Cans, unha exposición, un filme experimental, un webdoc e un libro-DVD actualmente en produción coa Editorial Galaxia.

Mércores 23 | 17h00 | Baixo de Bugarín

Coa presenza da directora Belén Montero, o co-director Juan Lesta e a produtora Celia Parra

SEVILLA Y GOMORRA

2018 / 60' / español

Dirección e montaxe: Ángel Filgueira

Producción: Ángel Filgueira, Sétima.

Elenco: Juan Vitalista, Cagnier, Alexis Ivanovich, Alexis Red, Juanma Ganapié, Edu Gala.

Vai de: Sevilla. Uns amigos falan, bromean, beben e reflexionan. A noite en Sevilla, unha festa densa, de rúas frías e laranxas. A visión ebria dun presente atascado. E esa noite que non remata. O que podería parecer un filme de universitarios borrachos convértese nunha instantánea xeracional chea de reflexións profundas sobre política, relixión, literatura ou filosofía.

Xénero: Non ficción.

O detalle: *Sevilla y Gomorra* xorde da necesidade do cineasta redondelán Ángel Filgueira de capturar “a eses filósofos borrachos e a súa extraña cidade quente”, a Sevilla que coñeceu durante unha estadía universitaria. Gravou horas e horas de imaxes nocturnas coas que acabou enfiando este inclasificable retrato.

Sábado 26 | 16h00 | Invernadoiro de Mucha do Peso

Prezo: 3€

Coa presenza de Ángel Filgueira

AUDIOVISUAL E MÚSICA

CASAMANCE: LA BANDA SONORA DE UN VIAJE

2016 / 92' / *español, francés, wolof*

Dirección, guión e montaxe: Paloma Zapata.

Producción: Jordi Canora, Estefanía Ten.

Fotografía: Iñaki Gorraiz.

Son: Roger Orcau, Ramón Rico, Pablo Gregorio.

Música: Depedro, Dieuf-Dieul de Thies.

Elenco: Jairo Zavala "Depedro", Ángel Carmona, Adamantios Kafetzis.

Vai de: "Non importa de onde son, importa cara a onde vou", di Jairo Zavala (Depedro) cando lle preguntan polas súas orixes. Durante unha entrevista con Ángel Carmona xorde a idea de buscar a música que Jairo escoitaba na súa infancia. A viaxe a Senegal que segue está chea de música e ritmo: un percorrido cara o latido do mundo, o lugar onde se orixinaron o soul, a rumba e o rock. A procura da música do lendario "griot" (trobador) Lamine Konté leva a Depedro de Dakar a Casamance e, polo camiño, acaba compartindo actuacións ou jam sessions espontáneas.

Xénero: Documental musical.

O detalle: A de Cans é a primeira proxección nun festival galego deste filme que foi seleccionado xa en certames internacionais como o Visions du Réel CIFFR de Rotterdam, o festival de Guangzhou (China) e moitos outros especializados no documental musical, como o Docurock (Tenerife), o BMVF de Bogotá ou o MUVI de Lisboa.

Venres 25 | 18h30 | Baixo de Bugarín

Prezo: 5€ (inclúe pulseira para acceder ao concerto de Depedro)

Coa presenza da directora Paloma Zapata e o protagonista, Jairo Zavala "Depedro", que actuará esa mesma noite no espazo Mahou da Leira de Alicia

KEVIN VS. RAY (AVANCE)

Dirección e guión: Eduardo Herrero e Manuel Lemos.

Producido por: Grupo Control Z.

Vai de: Entre os anos 80 e 90 do século pasado, Kevin Weatherill vendeu centos de milleiros de discos á fronte do grupo británico Immaculate Fools. Un día deixouno todo atrás para se converter en Dirty Ray, un artesán da música a pequena escala. Agora está de volta no lugar en que máis valorado se sentiu sempre como artista. Aquí sempre será Kevin... sen deixar de ser Ray ao mesmo tempo. Porque cando o éxito te arrastra, ou nadas ou te afundes. Non hai maior éxito que a supervivencia.

Xénero: Documental musical.

Estado: en rodaxe.

O detalle: Galicia é a terra prometida particular do protagonista. A comezos dos anos 90 atopou o seu oco na tranquila vila chairega de Guitiriz. Tras un *exilio* de case dúas décadas nas montañas de Gales, desde 2016 está establecido en Cambados porque, desta volta, "*quería vivir preto do mar*".

Sábado 26 | 18h00 | Invernadoiro de Mucha do Peso

Prezo: 5€ (concerto de Kevin Weatherill + presentación do primeiro avance de *Kevin vs. Ray*)

Coa presenza de Kevin Weatherill, os directores Eduardo Herrero e Manuel Lemos máis Enrique Otero, da produtora Control Z.

RUBÉN DOMÍNGUEZ, UNHA DÉCADA DE CREACIÓN (2008-2018)

Rubén Domínguez naceu e creceu en San Vicente, unha aldea de interior nunha península da costa atlántica. Neto de Siña Carme, fillo de Carme e Manolo, a súa primeira gran influencia foi Manolito, que lle descubriu Nirvana e Radio 3. O teletexto descubriulle as pelis de madrugada da 2 e nese momento decidiu que faría o que lle molase. Iso incluíu dende un comezo a música, con Telephones Rouges, Cudevaso, Chicharrón e hoxe como Pantis, pero tamén o deseño gráfico, múltiples proxectos artísticos baixo o colectivo Prenom (coa fotógrafa e realizadora Mar Catarina) e unha vintena de videoclips vinculados case sempre á escena musical galega nas que desenvolveu unha mirada e unha estética propias dunha riqueza difícil de abarcar: dende “16” de Señor Anido aparecen as colisións entre imaxe e ritmo e o traballo coa xestualidade que, máis depuradas, permanecen na súa peza máis recente para Pantis, “Mar”. O deseño máis punk, a animación ou os claro-escuros combínanse e alternan coa narrativa, o collage e o uso do arquivo persoal de imaxes, conseguindo a un tempo adaptarse ao universo das bandas coas que colabora (entre as que están Novedades Carminha, Franc3s ou Musel) e transmitir un imaxinario propio preocupado pola identidade, o amor ou a crise. Nesta edición do Festival de Cans poñemos o foco nese traballo como realizador e presentamos a primeira retrospectiva dos seus videoclips cunha escolma dos seus mellores traballos, nun programa dobre unido a un concerto de Pantis.

Sábado 26 | 20h30 | Invernadoiro de Mucha do Peso
Prezo: 3€ (concerto de Pantis + retrospectiva de clips)
Coa presenza de Rubén Domínguez

LISTADO DE CLIPS

1. Sr. Anido - **“16”** (2008)
2. Novedades Carminha - **“Yo no uso condón”** (2009)
3. Franc3s - **“¿Cómo haremos para desaparecer?”** (2011)
4. Mullet - **“Puerto del Sonido”** (2012)
5. Musel - **“Raiolo”** (2015)
6. Pantis - **“Viaduto”** (2016)
7. Chicharrón - **“Ensíname a durmir”** (2016)
8. Esposa - **“Xardín interior”** (2017)
9. Pantis - **“Alén”** (2017)
10. Pantis - **“Mar”** (2018)

Duración total da sesión: 26 minutos.



NOITE DAS HOMENAXES

Venres 25 | 22h30 | Torreiro de Cans

Premio Pedigree 2018: Chelo Loureiro

A filmografía como produtora de Chelo Loureiro distínguese pola loita por dar a alternativa na dirección a xóvenes directores e directoras, por ser unha incansable captadora de novos talentos e pola súa continua teima en tentar que os creadores e creadoras galegos queden a traballar na súa terra. Chelo Loureiro é unha das grandes impulsoras da animación galega nos últimos anos e, nomeadamente das curtametraxes de animación. Seis veces nominada aos premios Goya con filmes producidos por ela, o pasado ano pasado Chelo Loureiro fíxose co galardón á Mellor curtametraxe de animación como produtora de *Decorado*, do realizador Alberto Vázquez.

O mesmo Vázquez, Juan Pablo Etcheverry ou David Fidalgo forman parte da lista de valores que Loureiro captou e impulsou como creadores, e todos eles ben coñecidos polo público de Cans. O Festival quere recoñecer con este galardón a súa aposta polos novos talentos, o seu traballo continuo no desenvolvemento do cine de animación e a súa voz crítica na loita pola visibilidade das mulleres no audiovisual, a través de CIMA.

Chelo Loureiro recollerá así o testigo Miguel de Lira, homenaxeado o ano pasado, e deixará a súa pegada no Torreiro das Estrelas na Noite das Homenaxes, o venres 25 de maio. Continúa así completándose un grupo de recoñecidos Premios Pedigree compartido tamén con Emma Lustres, Luis Tosar, Celso Bugallo, Antón Reixa, Chete Lera, María Bouzas, María Pujalte, Mabel Rivera, Xavier Villaverde, Ernesto Chao, Antonio Durán "Morris", Manuel Manquiña ou Javier Gutiérrez.

CHIMPÍNS DE PRATA “PREMIOS PEPE PUIME”

Isabel Blanco (Berna, Suíza, 1974) é ben coñecida por todos os seguidores do audiovisual galego, (Mareas Vivas, Un franco, 14 pesetas, etc.), e unha teimuda defensora do Festival de Cans desde as súas primeiras edicións. Cans quere premiar a predisposición absoluta que sempre tivo a colaborar co festival, especialmente nas tres últimas edicións, onde como delegada en Galicia de AISGE, o seu apoio resultou determinante para o futuro do Festival xusto cando atravesaba un dos momentos máis delicados da súa historia. Por todo este compromiso co festival, a organización decidiu premiala este ano co “Chimpín de prata - Premio Pepe Puime”, galardón que se outorga ás persoas que traballan no impulso e fomento do Festival de Cans.

Chelo Casalmorto e Constante Romero son dúas persoas volcadas co festival desde a primeira edición, tanto eles dous como toda a súa familia. Desde a primeira edición, Constante é un chimpineiro habitual do festival, ademais de ser o encargado de darlle forma desinteresadamente aos cans pequenos amarelos de madeira do festival que locen en moitos balcóns, cos seus coñecementos de carpintería, que cedía para o Festival e a moitas veciñas e veciños.

Constante e Chelo ceden cada ano tamén o Cuberto de Chelo, un dos cubertos emblemáticos do festival, e ademais de organizar na súa propiedade, con outros veciños, o muro da Costa Azul, cunha pequena exposición que eles mesmos recompilaron ao longo de toda a historia do Festival.

Por esta enorme e desinteresada xenerosidade co festival, a asemblea da Asociación Cultural Arela decidiu otorgarlles nesta edición un dos seus máximos galardóns, o Chimpín de Prata, ao mesmo tempo que os seus nomes pasarán a formar parte desde este ano do muro dos chimpíns, co resto de veciñas e veciños homenaxeados ao longo das 15 edicións de festival.



ENCONTROS E COLOQUIOS

Coloquio na Leira con Fernando Trueba

Sábado 26 | 12h00 | Espazo Mahou da Leira de Alicia

Fernando Trueba (Madrid, 1955) é, por palmarés, popularidade, prestixio e relevancia cultural, un dos cineastas imprescindibles da historia do cinema español. Igual que tantos grandes do cinema, foi crítico antes de dirixir a súa primeira película, *Ópera prima*. Dende aquela chegarían dezaseis filmes nunha traxectoria audaz e arriscada, lembrada, como é lóxico, polos seus numerosos éxitos: *Sé infiel y no mires con quién*, *El año de las luces*, *El sueño del mono loco*, *La niña de tus ojos*, *El artista y la modelo* ou *Belle Époque*, coa que gañou o Oscar a Mellor película en fala non inglesa. Un premio que se suma aos seus nove Goyas, a Concha de Prata a mellor director, un Oso de Prata do Festival de Berlín, ou o privilexio de ter colaborado cunha lista de intérpretes que faría o reparto soñado de calquera. Por suposto, están os grandes actores e actrices españois como Penélope Cruz, Carmen Maura, Fernando Fernán Gómez, Antonio Banderas, Ariadna Gil ou Antonio Resines, pero tamén unha serie de estrelas internacionais impresionante: Melanie Griffith, Daryl Hannah, Claudia Cardinale, Jean Rochefort, Ricardo Darín, Jeff Goldblum, Hanna Schygulla ou Miranda Richardson pisaron o plató con Trueba, que tamén colaborou co guionista máis lembrado do cinema español: Rafael Azcona.

Con todo, esta filmografía centrada en éxitos habitualmente ligados á comedia esconde tamén varios xiros máis ou menos inesperados, como o que deu cara o documental musical en *Calle 54* e *El milagro de Candeal* (que por outra parte tiña un antecedente en *Mientras el cuerpo aguante*, o seu filme sobre Chicho Sánchez Ferlosio) ou a súa celebrada incursión na animación en *Chico y Rita*. Así mesmo, en paralelo á súa labor de director e guionista tamén produciu películas como *Alas de mariposa* (de Juanma Bajo Ulloa) ou *La buena vida* (do seu irmán David Trueba) e foi presidente da Academia das Artes e as Ciencias Cinematográficas.

No coloquio da Leira de Alicia poderemos escoitar as experiencias e opinións deste gran contador de historias, que é en si mesmo historia viva do cine español.

Coloquio na Leira con Gracia Querejeta

Sábado 26 | 17h00 | Espazo Mahou da Leira de Alicia

Poucas persoas teñen no cine español actual unha traxectoria coa relevancia da de **Gracia Querejeta** (Madrid, 1962). Gañadora dun Goya (pola curta documental *El viaje del agua*) ou un Premio do Xurado de Donosti (polo guión de *Siete mesas de billar francés*), a súa vida estivo intimamente ligada ao cinema dende pequena por mor da súa familia: é filla da deseñadora de vestiario María del Carmen 'Maiki' Marín e o produtor Elías Querejeta. Sendo nena xa apareceu diante das cámaras en *Las secretas intenciones* (de Antxon Eceiza, protagonizada por Jean-Louis Trintignant) e *Las palabras de Max* (de Emilio Martínez Lázaro), pero a súa vocación non era a de ser actriz, e estudou Historia Antiga antes de poñerse detrás da cámara e iniciar a carreira de directora que tanto recoñecemento lle traería.

Na súa obra destaca o tratamento das relacións familiares como tema fundamental e a crítica ten recoñecido especialmente o seu talento para a dirección de actores e actrices e o traballo con intérpretes adolescentes. Este protagonismo de personaxes xuvenís é común á súa primeira longa *Una estación de paso*, que gañou o Premio Especial do Xurado da Seminci en 1992, a exitosa *Héctor*, nominada a catro Goyas e gañadora no Festival de Málaga de 2004, e a máis recente *15 años y un día*, tamén gañadora en Málaga. Ao longo da súa carreira ten colaborado cun listado de profesionais que amosa a relevancia do seu traballo: guionistas como David Planell, Antonio Mercero, Manuel Gutiérrez Aragón ou seu pai Elías Querejeta, actores e actrices como Bibi Andersson, Joaquim de Almeida, Adriana Ozores, Blanca Portillo, Amparo Baró ou Antonio de la Torre... Entre esas colaboracións destaca a que iniciou con Maribel Verdú en *Siete mesas de billar francés*, que suma catro filmes con *Ola de crímenes*, a comedia que estreará este ano.

A maiores do seu prestixioso traballo na ficción, Gracia Querejeta ten protagonizado tamén apreciables incursións no documental, ás veces no ámbito deportivo, como en *La roja. De Brasil a Brasil* ou *Di Stéfano*, e ás veces no ámbito político, como o filme colectivo *Hay motivo* ou *Primarias*, seguimento realizado con Fernando León de Aranoa e Azucena Rodríguez da campaña que enfrontou a Joaquín Almunia e Josep Borrell polo liderado do PSOE). Tamén explorou a dirección para televisión, onde ten participado en proxectos tan populares como *Cuéntame cómo pasó* ou *Hospital Central*, e foi brevemente vicepresidenta da Academia das Artes e Ciencias Cinematográficas.

No día grande do Festival teremos a fortuna de contar con esta prestixiosa cineasta para falar sobre a súa traxectoria de toda unha vida ligada ao cinema.

Café con CREA: coloquio con Borja Cobeaga

Venres 25 | 10h00 | Baixo do Moncho

O Festival de Cans acolle, como cada ano, un encontro da Asociación de Directores e Realizadores de Galicia. Nesta ocasión contarán coa presenza de **Borja Cobeaga**, un dos nomes clave da comedia en España nas últimas décadas pola súa capacidade para xuntar a vocación popular coa valentía á hora de empregar o humor para tratar temas polémicos. Así, o conflito vasco aparece como unha constante na súa filmografía, dende a recente *Fe de etarras* (que retrata a un disfuncional comando de ETA durante o Mundial de Sudáfrica que gañou España) ata *Negociador* ou mesmo o programa de ETB *Vaya semanita*, pioneiro na sátira do terrorismo. En moitas delas comparte o crédito polo guion con Diego San José, con quen tamén escribiu *Ocho apellidos vascos* e *Ocho apellidos catalanes*, dúas das películas máis exitosas da historia entre o público español.

Como cineasta, a súa longametraxe debut foi *Pagafantas*, que comparte o foco posto nas relacións de parella co seu seguinte filme, *No controles*. Non obstante, o mundo da curtametraxe e a televisión serviron como campo de probas para os inicios dunha traxectoria realmente precoz: con nove anos comezou a realizar as súas primeiras curtas en vídeo con amigos e compañeiros de clase, exhibíndoos no salón de actos do seu colexio. Seguiu a súa vocación e estudou Comunicación Audiovisual, na Universidade do País Vasco, unha época na que compartiu piso con outro cineasta fundamental do cine español recente, Nacho Vigalondo. Curiosamente, os dous compaxinaron un tempo a súa labor en televisión coa realización de curtas: ademais de pasar por *Vaya semanita*, Cobeaga traballou clásicos do reality como *Gran hermano* ou *Confianza ciega* ao tempo que dirixía pezas como *La primera vez* (nominada a un Goya) ou *Éramos pocos* (nominado ao Oscar e que acumulou máis de 80 premios en todo o mundo). Tres lustros despois acumula un palmarés envexable (Premio do público en Nantes, Premio Irizar en Donosti, Premio Feroz á mellor comedia, Premio da crítica en Málaga), repetidos éxitos comerciais e unha capacidade intacta para mirar a realidade dende o humor.

ENCUNTROS DÁLLE CAÑA

O formato Dálle caña consolídase en Cans e exténdese a todas as categorías audiovisuais: xuntamos aos realizadores e realizadoras para tomarse algo xuntos e que o público poda coñecer algo máis de cada peza e quen a fixo nun contexto ameno e relaxado. Cada encontro terá unha duración aproximada de 60 minutos.

Dálle caña! Encontro con realizadoras e realizadores de videoclips

Xoves 24 | 18h00 | Bar Liceum

O director do festival, **Alfonso Pato**, moderará este encontro no que estarán presentes as realizadoras e realizadores a concurso na categoría de videoclip e boa parte dos músicos e músicas das bandas finalistas, ademais de **Paloma Zapata**, realizadora de clips e directora de *Casamance: La banda sonora de un viaje*. Todos eles compartirán a súa experiencia arredor dunhas cañas de Mahou.

Dálle caña! Encontro con curtametraxistas de ficción e animación

Sábado 26 | 16h00 | Espazo Mahou da Leira de Alicia

Vinte curtametraxistas participantes nas seccións oficiais de Ficción e Animación desta edición do festival de Cans xuntaranse na Leira de Alicia para coñecerse, presentar as súas producións e debater con este formato relaxado compartindo cervexas, opinións e experiencias.

Dálle caña! Encontro con curtametraxistas das categorías FuraCans e ExtraCans

Sábado 26 | 18h30 | Espazo Mahou da Leira de Alicia

Os encontros Dálle caña complétanse con esta actividade que unirá ás autoras e autores das curtas das novas seccións de Cans: FuraCans (a Sección Oficial de non ficción) e ExtraCans, a mostra internacional de filmes vinculados a Galicia, na que participan pezas de Líbano, Brasil ou Italia.

Encontro sobre subtítulo e linguas minorizadas

Xoves 24 | 13h00 | Baixo do Moncho

O cinema, e en xeral a cultura creada en linguas minorizadas, atópase en moitas ocasións con barreiras de cara á súa distribución e exhibición. O experto da Universidade de Vigo **Pablo Romero-Fresco** e os cineastas galegos **Alfonso Zarauza** e **Álvaro Gago** abordarán o papel do subtítulo como ferramenta para a diversidade cultural en relación ao noso audiovisual, mais tamén para afondar no que o subtítulo supón para a accesibilidade de persoas que non teñen as capacidades plenas para percibir un filme.

Encontros AISGE con actores e actrices

Mércores 23, xoves 24 e venres 25 | 11h30 | Baixo do Moncho

Despois do éxito na pasada edición, repítese a colaboración entre o Festival de Cans e AISGE, pola que o Baixo de Moncho acollerá durante tres mañás seguidas coloquios nos que diferentes intérpretes analizarán o papel dos actores e actrices na sociedade dende múltiples perspectivas. O encontro do mércores 23 levará o título de *Pioneiros* e contará con dúas figuras esenciais da arte dramática en Galicia para analizar a evolución da profesión nos últimos cincuenta anos: **Manuel Lourenzo** (de actualidade polo seu papel de Terito en *Fariña*), e **Pilar Pereira**. O xoves 24 contaremos con **Tamara Canosa**, **Mariana Fernández** e **Berta Ojea**, tres actrices que participan tamén de asociacións e institucións, para debater no encontro *Igualdade: que avanzamos no último ano?* Por último, o venres 25 teremos a oportunidade de escoitar a **Isabel Blanco**, **Nieve de Medina** e **Nieves Rodríguez** falar sobre o acoso sexual no ámbito da interpretación, tentando analizar este tabú que recentemente parece comezar a derrubarse.



FILLAS E FILLOS DE CANS

Venres 25 | 16h30 | Baixo do Moncho

Nesta sección temos a fortuna de contar cun agasallo destas fillas e fillos simbólicos do Festival de Cans: cineastas cun vínculo estreito con Cans traen en primicia imaxes inéditas de filmes que aínda non foron estreados, dando ao público fiel do Festival a oportunidade de botar unha primeira ollada a pezas que pronto comezarán o seu periplo por salas e festivais. Este ano a selección é de auténtico luxo, con pezas tan esperadas como *La sombra de la ley* de Dani de la Torre ou *Arima* de Jaione Camborda. Primeiro en Cans, logo no resto do mundo!

3

Dirección, guión e produción: Blas Lamazares Fraile.

Vai de: 3 é un retrato íntimo de Anna, arquitecta moza recién chegada a Berlín, a súa compañeira de piso Lea e a súa nova amiga Laura. Anna anda na procura do seu traballo soñado e afronta animosa a nova vida no inverno de Berlín tentando esquecer negruras pasadas...

Xénero: Drama, ficción.

Estado: Pendente de estrea.

O detalle: Esta historia millennial é o filme debut de Blas Lamazares, que ten raíces en Lalín e estudou cinema en Berlín.

Tempo vertical

Dirección e guión: Lois Patiño.

Producido por: Felipe Lage, Zeitun Films.

Vai de: Unha aldea. O tempo semella parar quedo. Todo o mundo está paralizado mentres a natureza e os animais se moven con liberdade. A sensación é a de estar nun limbo cheo de espectros. Unha parella de mulleres vellas aparece, tentando facer algo que non comprendemos.

Xénero: Ficción, documental.

Estado: En desenvolvemento.

O detalle: Segundo filme de Lois Patiño tras o seu aclamado debut *Costa da Morte*, un dos filmes galegos con máis recoñecementos internacionais.

Nación de muchachos

Dirección: Javi Camino.

Guión: Enrique Lojo.

Producido por: Vizuals e Mad Mex Filmanova.

Vai de: *Nación de muchachos* tenta reconstruír a historia da comunidade e o circo formados en Benposta (Ourense) polo Padre Silva durante o franquismo. Un relato vivo narrado polos seus propios protagonistas: os rapaces, profesores do centro, familiares do Padre Silva, políticos, xornalistas, estudosos do sistema pedagóxico de Benposta e, como non, o testemuño do propio Padre Silva a través de entrevistas e gravacións do seu programa *Reflexiones Nocturnas*, emitido pola Televisión de Benposta.

Xénero: Documental.

Estado: Pendente de comezar percorrido en festivais.

O detalle: Javi Camino pasou por Cans como curtametraxista en varias edicións e compite nesta edición na categoría de clips.

Arima

Dirección e guión: Jaione Camborda.

Producido por: Jaione Camborda (Esnatu Zinema), Alfonso Zarauza, Carlos Carbonell.

Elenco: Melania Cruz, Mabel Rivera, Iria Parada, Tito Asorey.

Vai de: A historia de catro mulleres e unha nena que se ven afectadas de diferentes xeitos pola chegada de dous homes ás súas vidas. Un deses homes busca ao outro para matalo. Neste estado de tensión móvese todo o entramado de relacións que se establecen entre todos eles.

Xénero: Drama.

Estado: Rodaxe recién rematada.

O detalle: Ademais de coñecer esta primeira longa de Jaione Camborda, na sección Furacáns poderemos ver a súa peza *Rapa das bestas*.

La sombra de la ley

Dirección: Dani de la Torre.

Guión: Patxi Amezcua.

Producido por: Vaca Films, Atresmedia Cine, La ley de plomo AIE, en coprodución con Playtime Production (Francia).

Elenco: Luis Tosar, Michelle Jenner, Ernesto Alterio.

Vai de: Ano 1921. España vive un momento axitado e caótico: son os anos do plomo, froito dos violentos enfrontamentos na rúa entre matóns e anarquistas. O gangsterismo e os negocios ilegais están instalados na sociedade. Nesta situación de disturbios e crimes, Aníbal Uriarte é un policía enviado a Barcelona para colaborar coa comisaría local na detención dos culpables do roubo a un tren militar. Pero Aníbal e as súas formas non atopan apoio entre os seus compañeiros.

Xénero: Thriller.

Estado: En posprodución.

O detalle: É o agardado segundo filme de Dani de la Torre despois do éxito de *El desconocido*.

Sad Hill Unearthed

Dirección e guión: Guillermo de Oliveira.

Producido por: Luisa Cowell e Guillermo de Oliveira.

Elenco: Clint Eastwood, Ennio Morricone, Joe Dante, James Hetfield, Álex de la Iglesia.

Vai de: *Sad Hill Unearthed* trata a reconstrucción do cemiterio creado en España hai cincuenta anos para a secuencia final de *El bueno, el feo y el malo* de Sergio Leone.

Xénero: Documental.

Estado: Pendente de estrea en España.

O detalle: Este documental cun impresionante listado de persoas entrevistadas é o filme debú do vigués Guillermo de Oliveira. Pasou polo Festival de Tokyo e Santa Bárbara.

Trote

Dirección: Xacio Baño.

Guión: Xacio Baño, Diego Ameixeiras.

Producido por: Luisa Romeo, Frida Films.

Elenco: María Vázquez, Celso Bugallo, Tamara Canosa, Federico Pérez.

Vai de: Carme, unha muller reservada e solitaria, vive nunha aldea galega co seu pai Ramón, co que apenas fala. Carme traballa nunha panadería, soñando que algún día abandonará esa atmosfera opresiva, pero as circunstancias sempre a fan volver da súa fuxida. *Trote* ten lugar na fin de semana da Rapa das Bestas, a ancestral loita entre home e animal.

Xénero: Drama.

Estado: Pendente de estrea.

O detalle: *Trote* foi seleccionado no programa de residencias Ikusmira Berriak que promove o Festival de San Sebastián en colaboración con Tabakalera e a Fundación Donostia Capital Europea da Cultura.



A QUE ANDAS?

Venres 25 | 13h00 | Baixo do Moncho

Se a sección adicada ás fillas e fillos de Cans nos permite botar a primeira ollada a proxectos a piques de estrearse, en *A que andas?* imos aínda máis atrás e achegámonos, en colaboración coa Asociación Galega de Guionistas, aos libretos de filmes que están a pechar financiamento ou preto de iniciar a rodaxe. E nesta 15ª edición do Festival non podemos conter a emoción porque os proxectos son especialmente interesantes! Ángeles Huerta falaranos de *O corpo aberto*, guion no que adapta un dos relatos de *Arraianos* de Xosé Luís Méndez Ferrín; Borja Cobeaga contaranos de que vai o seu novo filme *Intrínqulis*; Olga Osorio a preparación da versión longa de *Einstein-Rosen*, a premiadísima curta que xa gañou varios premios en Cans... e así ata seis futuros filmes que coñeceremos dende as entrañas.

Einstein-Rosen

Dirección e guión: Olga Osorio.

Vai de: Teo asegura que atopou un burato de verme. O seu irmán Óscar non lle cre. Polo menos de momento.

Xénero: Comedia, ciencia-ficción.

Estado: Avanzando versión de guión.

O detalle: *Einstein-Rosen* é a adaptación a longametraxe da curta do mesmo título, coa que Olga Osorio gañou sesenta premios, entre eles tres en Cans ou o Mestre Mateo.

Intrínqulis

Dirección e guión: Borja Cobeaga.

Vai de: Unha rapaza na trintena borracha investiga a desaparición da súa compañeira de piso.

Xénero: Comedia de misterio.

Estado: Escribindo guión.

O detalle: Nacho Vigalondo suxeriu a Cobeaga o título *Misterioso asesinato en Malasaña*, pero o director vasco preferiu *Intrínqulis*, "que xa dá comedia e misterio".

A granxa dos malditos

Dirección: Roque Cameselle.

Guión: Natxo López, Marcos Osorio, Paulo Soria e Roque Cameselle.

Producido por: Queiman e Pousa, Mioslos Filmes coa colaboración de TVE.

Vai de: O peor de caer enfermo ou estar maldito é non coñecer a orixe da doenza ou do mal que che afecta, e naquela granxa era o único que tiñan en común todos os que a habitaban. Pero a protagonista non estaba disposta a resignarse a un final que todos lle anunciaban inexorable. Por iso, rebelouse contra o destino que os seus gardiáns decidiran para ela.

Xénero: Terror.

Estado: Versión final de guión e en fase de financiamento.

O detalle: Roque Cameselle tamén presenta en Cans *British Winters*, a súa primeira longa fóra do terreo da animación.

O corpo aberto

Dirección: Ángeles Huerta.

Guión: Ángeles Huerta e Daniel D. García.

Producido por: OlloVivo Produccións.

Vai de: Outono de 1907. Miguel, un xoven mestre, ten como primeiro destino unha escola en Lobosandaus, unha aldea perdida no Xurés. Quere iluminar os seus alumnos coa luz da razón pero atópase cunha comunidade dominada polas crenzas atávicas. Na pousada coñece a Mauro, un revolucionario portugués namorado de Dorina, a muller dun contrabandista do lugar...

Xénero: Western gótico.

Estado: Rematada a terceira versión de guión, pechando acordos de coprodución.

O detalle: Adaptación de "Lobosandaus", primeiro relato de *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

María Soliña 2.0

Dirección: Ignacio Vilar.

Guión: Ignacio Vilar.

Producido por: Vía Láctea Filmes.

Vai de: Elba ten 20 anos e comeza a estudar Arte Dramático. Nese momento descubre o método de introspección, un procedemento de auto-análise, autocoñecemento e liberdade que a influirá ata o punto de ocasionarlle problemas coa familia, os amigos ou a sociedade.

Xénero: Drama.

Estado: En produción.

O detalle: Vilar recupera neste filme a historia de María Solinha, canguesa condenada pola Santa Inquisición no século XVII, acusada de bruxería para despoxala dos seus bens. A protagonista será a tamén canguesa Andrea Santos, estudante da ESAD de Vigo, e unha das localizacións estrela do proxecto será o Cabo Home, lugar icónico para Ignacio Vilar.

Ursúas

Dirección e guión: Roi Fernández e Laura Villaverde.

Producido por: Marta Valverde.

Vai de: Un antidisturbios de orixe galega e unha inmigrante peruana sen papeis realizan unha viaxe iniciática dende Alemaña ata Fisterra. Un camioneiro leva á súa sobriña actriz de Galicia a Italia a mercar unha parcela de Sol. Varios homes e mulleres viven de maneira alternativa, apartados da sociedade: un campamento en Santiago, un autobús varado, unha casa recuperada na montaña...

Xénero: Filme transmedia.

Estado: En fase de rodaxe.

O detalle: Roi Fernández gañou en 2013 o premio do xurado en Cans pola curta *Calquera infinito posible*.



CONTRA O LUME

Sábado 26 | 10h30 | Jalpón de Alicia

Proxección + actuación de Tino Baz

Duración total das pezas: 61 minutos.

O Festival de Cans quere poñer nesta edición o foco na catástrofe dos lumes que ano tras ano se repite en Galicia. O desastre ambiental que vivimos cos incendios en outubro de 2017 non debe ser un suceso para dar titulares só durante uns días. Cans pretende provocar unha reflexión crítica permanente sobre o futuro dos nosos montes e do noso territorio.

Esta desfeita ambiental xenerou a reflexión de moitas creadoras e creadores, que se expresaron a través das súas obras audiovisuais. Desde documentais a videoclips pasando por curtametraxes de ficción, algunhas destas obras están cargadas de emoción, transmiten rabia e desolación, mais ás veces tamén algo de esperanza. Contaremos coa presenza das realizadoras e realizadores, do cantautor Tino Baz e de Xosé Manuel Rodríguez, alcalde de As Neves, concello onde o lume arrasou o 60% da súa superficie.

AS NEVES, ZONA 0

2017 | 21' | galego

Dirección: Adrián González.

Producción: Diaño Films.

Vai de: Un percorrido desolador por un Concello arrasado polo lume, coa terra índa fumegando e as brasas no chan. Vivendas devoradas polo lume, negocios arrasados e persoas devastadas, co esforzo dunha vida enteira reducido a un puñado de cinzas.

Xénero: Documental.

O detalle: O realizador Adrián González, natural de As Neves, plasma neste traballo a emoción das súas veciñas e veciños.

EL ÚLTIMO ADIOS

2018 | 5' | español

Dirección: Rubén Cruz.

Producido por: Con2studios.

Elenco: Lara Vázquez e Rubén Cruz.

Vai de: Este Nadal non é un Nadal calquera. Daquela é preciso tamén ter unha árbore de Nadal especial, que nos traia emocións diferentes.

O detalle: Parte da curta foi rodada en paisaxes arrasadas polos incendios.

"PRIMAVERA NEGRA" (LINDA GUILALA)

2018 | 4' | español

Dirección: Sara Chuerches

Vai de: Último videoclip da banda viguesa Linda Guilala, rodado nunha grande parte sobre as paisaxes case apocalípticas de montes arrasados polo lume.

O detalle: A obra está tamén en competición na sección de videoclips.

EUCALYPTUS

2018 | 25' | español

Dirección: Elena Flores e Miguel Souto.

Vai de: Xusto un mes antes da catástrofe ambiental de Outubro de 2017, os directores comezaron a gravar este documental sobre os efectos do eucalipto e as súas consecuencias no territorio, a través das testemuñas e especialistas. As conclusións son demoledoras.

O detalle: Os responsables de Ence e da Xunta negaron a súa participación neste documental.

“E VEU O LUME” (TINO BAZ e CANTARES DO BRUEIRO)

2017 | 6' | galego

Producción: Ángel Baz e Miguel de la Peña

Dirección musical: Tino Baz

Música e letra: Paco Represas

Producido por: Arraz

Coa participación de: Xosé Lois Vilar

Vai de: Videoclip cunha parte de documental, rodado cerca de Chandebrito, outra das zonas arrasadas polos lumes en outubro de 2017. Coa colaboración do Instituto de Estudios Miñoranos.



EXTRACANS

Sábado 26 | 20h30 | Jalpón de Alicia

Prezo: 3€.

Duración total das curtas: 79 minutos.

Paseniño pero sempre con boa letra, o Festival de Cans leva anos aumentando o enfoque internacional da súa programación, sempre da man da diáspora de creadoras e creadores galegos que desenvolven a súa obra en calquera parte do mundo. A aposta consolídase este ano con ExtraCans, unha sección de curtametraxes dirixidas por cineastas de Italia, Líbano, Portugal ou Brasil nas que a participación de artistas e profesionais do país foi fundamental.

CLAUDIA

2017 | 17' | español

Dirección: Miguel Pereira.

Guión: Miguel Pereira.

Producción: Miguel Pereira, Sergio Boado.

Montaxe: Sergio Boado, Miguel Pereira.

Fotografía: Sergio Boado.

Son: Juan Manuel Castrillo.

Elenco: Claudia Trujillo, Javier Raya.

Vai de: Fai calor. Claudia traballa na casa como webcamer erótica cando o seu móbil sona. A cidade celebra o solsticio.

Xénero: Drama.

O detalle: *Claudia* acaba de ser seleccionada para a competición oficial do Festival de Málaga, na sección de curtametraxes.

Nexo galego: Sergio Boado, director de fotografía, co-produtor e co-montador.

EL CONCEPTO DE IRONÍA

2017 | 20' | español

Dirección, montaxe e fotografía: Sousa Haz.

Guión: Sousa Haz, Jorge Varela, Misha Bies Golas.

Produción: Confraria do Vento, Imán Music..

Son: Táriq Zia Burney Arango.

Música: Fred Frith.

Elenco: Jorge Varela, Misha Bies Golas, Sonia Nunes.

Vai de: Neste filme medio documental e medio ficción, dous artistas galegos son convidados a compartir unha casa nunha illa de Croacia co reto de crear unha obra a catro mans. Os produtores do proxecto non o saben, pero os artistas ódianse.

Xénero: Humor.

O detalle: Inspirado nun ensaio de Paul De Man e personaxes da comedia grega clásica, esta curta é un retrato divertido e ácido das vaidades dos artistas.

Nexo galego: os artistas protagonistas Misha Bies Golas e Jorge Varela.

MON AMOUR, MON AMI

2018 | 16' | italiano

Dirección e guión: Adriano Valerio

Produción: Films Grand Huit, Dugong Films.

Montaxe: Alice Roffinengo.

Fotografía: Diego Romero Suárez-Llanos.

Son: Enrico Ascoli.

Elenco: Daniela Brandi, Fouad Miftah.

Vai de: Daniela e Fouad viven en Gubbio, nos outeiros de Umbria, pero ambos veñen do mar. Os seus corpos amosan as marcas dunha vida dura e unha severa dependencia do alcohol. Coñécense por casualidade e comezan a coidarse mutuamente, ata que medra un vínculo profundo e sanador. Agora que Fouad precisa un permiso de residencia, pide matrimonio a Daniela. Parece de acordo coa idea pero uns días antes da voda, a ambigüidade dos sentimentos de Fouad comeza a preocupala.

Xénero: Documental.

O detalle: Esta curta estreouse na pasada edición do prestixioso festival de Venecia.

Nexo galego: Diego Romero Suárez-Llanos, director de fotografía.

TSHWEESH

2017 | 26' | árabe

Dirección e guión: Feyrouz Serhal.

Produción: Stefan Gieren, Felipe Lage Coro, Lara Abou Saifan.

Montaxe: Maria Malek.

Fotografía: Bassem Fayad.

Son: Victor Bresse.

Elenco: Petra Serhal.

Vai de: Beirut, día do Mundial de fútbol. Unha muller camiña a través das rúas relativamente tranquilas. A xente está dentro das casas vendo o partido, ou seguindo a súa rutina doméstica. Pero parece que a sinal da televisión falla, tal como evidencian momentos illados de caos nos tellados. Entón a calma dun caluroso día de verán é rota por un ataque aéreo: outra interrupción que absorber, outra irritación menor á que a xente de Beirut non permite que irrite os seus espíritos.

Xénero: Thriller.

O detalle: Este filme libanés que produce Zeitun Films (a empresa detrás de *Mimosas*, de Oliver Laxe ou *Costa da Morte* de Lois Patiño) estreouse no pasado festival de Locarno.

Nexo galego: Felipe Lage, produtor.



MINICANS

Parque, xogos e xantar

Sábado 27 | Todo o día | Parque do Río

Parque infantil, cunha área de xogos tradicionais e unha zona de xantares con menús infantís a prezos económicos.

Obradoiro de cine “Da imaxinación á pantalla” - Participa Méliès

Venres 25 | 17h30 | Parque do Río + Baixo de Carlos

Duración: 2 horas 30 minutos.

Da man da fabulosa imaxinación de Georges Méliès á hora de trasladar a maxia ao cinema, este obradoiro iniciará a rapaces e rapazas na linguaxe e o proceso cinematográfico aprendendo a realizar unha curtametraxe fantástica. A través de exercicios prácticos pasarase da idea ao guión, e do guión á gravación (incluíndo efectos especiais sinxelos) e finalmente á edición. Os traballos finais proxectaranse ás 20h00 no Baixo de Carlos e poderán presentarse ao concurso Participa Méliès, unha iniciativa da Obra Social La Caixa, que nos ofrece este obradoiro. A docencia correrá a cargo de Alexis Borrás, realizador e educador audiovisual, que ten traballado con directores do talento de Juanma Bajo Ulloa ou Borja Cobeaga e é profesor na Universitat Autònoma de Barcelona.

Magín Blanco

Sábado 26 | 13h00 | Baixo de Carlos e Parque do Río

Retrospectiva de videoclips + concerto

Dende 2010, Magín Blanco vén editando unha serie marabillosa de discos orientados ao público infantil, xoias do xénero con elementos teatrais como *A nena e o grilo*, *Gatux@* ou o recente *Camiños*. Este aparente cambio de orientación non foi tan brusco como podería semellar, xa que a calidade literaria das letras e a facilidade para a colaboración con músicos e músicas de diferentes estilos son constantes dunha carreira discográfica que iniciou como líder de La Rosa, xunto cos tamén ourensáns Cosecha Roja unha das bandas máis inxustamente ignoradas na historia do pop en Galicia. Do seu talento da fé o listado de artistas que aparecen nos seus discos: Josele Santiago, Uxía, Sérgio Tannus, Guillerme Fernández, Guadi Galego, Gloria Van Aersen... Este ano o público de Cans terá a oportunidade de desfrutar dunha retrospectiva dos seus videoclips e da súa actuación dentro do programa de Minicans, onde asistiremos á primeira interpretación en directo da canción do festival deste ano: “Cans & Cadelas”.

A caixiña de mistos

Sábado 26 | 16h00 | Parque do Río

Obradoiro de curtametraxes de animación pensadas para os máis pequenos nun espazo singular, en paralelo ás proxeccións unha vella caravana dos anos setenta, na que só poderán entrar en pequenos grupos para descubrir un lugar diferente no que ver o cinema, e que para moitas nenas e nenos suporá a súa primeira experiencia de cine. Ás 20h00 proxectaranse as pezas xurdidas deste obradoiro conducido por Mr. Misto.

O Cinematomago

Sábado 26 | 16h30 | Cuberto de Pato

Prezo: 3€

Duración: 45 minutos

Un cinematógrafo é un aparello que permite proxectar imaxes creando unha sensación de movemento, e un mago é unha persoa que ten a capacidade de conseguir cousas extraordinarias cos seus poderes sobrenaturais. O Cinematomago é esa personaxe que converte as imaxes en movemento en maxia. Todos e todas escoitamos falar nalgunha ocasión da “maxia do cine”, e neste caso a través do seu Cinematomago, o Mago Paco fará desta frase unha realidade convertendo escenas de clásicos do cine de todas as épocas nun espectáculo máxico en directo.

Therefilms (con Paulo Pascual)

Sábado 26 | 17h30 | Cuberto de Antonio

Prezo: 3€

Duración: 45 minutos

O theremin é un instrumento cun aquel de maxia, xa que se controla sen tocalo, por medio da posición relativa entre as mans da persoa que o toca e a súa antena. Paulo Pascual, un dos pouquísimos thereministas de España, levará á rapazada por un breve percorrido pola relación do cinema coa música dun xeito moi divertido, musicalizando ao vivo co seu theremin diferentes secuencias de cinema de diferentes maneiras. Así, xogará coas distintas sensacións producidas a partir do tratamento do son en filmes nos que a presenza da muller xoga un importante papel.

Unha vida de cine. Contacontos ilustrado sobre María Casares (con Polo Correo do Vento)

Sábado 26 | 18h30 | Cuberto de Pato

Prezo: 3€

Duración: 45 minutos

Nesta actividade, nenos e nenas escoitarán un conto a medida que trazan un storyboard, xogando cos diferentes planos empregados no cine. Despois realizarán un obradoiro de debuxo da lendaria actriz galega María Casares. Este contacontos ilustrado corre a cargo de Polo Correo do Vento, colectivo especializado en actividades lúdicas dirixidas ao público máis novo, promovendo a lectura, a creatividade e a comprensión oral en galego.

Curtas de animación producidas por Chelo Loureiro

Sábado 26 | 20h30 | Cuberto de Antonio

Prezo: 3€

Coa presenza de Chelo Loureiro

Unha parte fundamental dos traballos producidos por Chelo Loureiro, a nosa homenaxeada co Premio Pedigree este ano, son curtametraxes de animación que foron aclamadas e premiadas pola súa calidade. Contaremos coa súa presenza para presentar un programa de tres delas.

A FLOR MÁIS GRANDE DO MUNDO

Dirección: Juan Pablo Etcheverry.

Guión: Juan Pablo Etcheverry, baseado nun conto de José Saramago.

Produción: Pancho Casal, Laura Fernández Espeso, Chelo Loureiro.

Montaxe: Juan Pablo Etcheberry.

Música: Emilio Aragón.

Elenco: José Saramago.

Vai de: Un escritor que non se sente capaz de escribir unha historia infantil comeza a relatar como sería esta historia que quere contar: unha tarde de verán, un neno de sete anos decide explorar o fascinante mundo existente a cinco minutos da súa casa.

Xénero: Conto.

O detalle: O propio José Saramago é o narrador nesta adaptación do único conto para nenos e nenas que escribiu, e que estivo nominada a un Goya.

O SOLDADIÑO DE CHUMBO

Dirección: Tomás Conde, Virginia Curiá.

Guión: Tomás Conde e Virginia Curiá, baseado nun conto de H.C. Andersen.

Produción: Pancho Casal, Chelo Loureiro, Ana Fernández.

Música: Emilio Aragón.

Son: Cinemar Films.

Elenco: Manuel Manquiña, Luís Piedrahita.

Vai de: Nun crisol, un artesán funde chumbo para construír unhas figuriñas. O metal non é dabondo para todos os moldes e a última figuriña queda sen unha perna. Anos máis tarde un paquete chega a un museo de xoguetes...

Xénero: Conto.

O detalle: Esta curta foi rodada no Museo do Xoguete de Allariz.

O XIGANTE

Dirección: Julio Vanzeler, Luis da Matta Almeida.

Guión: Nélia Cruz.

Produción: Chelo Loureiro.

Montaxe: Pedro Lino.

Música: Nani García.

Son: Nani García.

Vai de: Un xigante leva unha nena no seu corazón. O seu corazón é como unha gran fiestra dende onde a nena descobre e entende o mundo no que vivimos... Un día, ella terá que marchar. Coa súa maleta chea de soños e esperanzas comezará a crear un novo mundo coa herdanza dos seus pais. Isto é medrar!

Xénero: Conto.

O detalle: Esta curtametraxe conquistou o público de máis de 50 festivais de todo o mundo.



CANS PARTICIPA

Cans é un festival que impulsa a participación colectiva. Dende nenos a maiores, sexan ou non veciñas e veciños da aldea, todas e todos teñen o seu espazo en Cans, a través de obradoiros de documental, concursos de debuxo e deseño, roteiros, etc. Centos de persoas traballaron nas últimas semanas para participar nalgunha actividade convocada polo festival de Cans.

Proxeccións

Proxecto Cans303

Mércores 23 | 22h00 | Torreiro de Cans

Presentación do traballo do proxecto “Cans 303” feito polas alumnas e alumnos do curso. Estrea do documental sobre a mestra Dona Sara.

O Proxecto Cans303 é unha iniciativa que se iniciou hai dous anos e que conta cun obxectivo dobre: rescatar a memoria dos veciños e veciños de Cans e estimulalos para que se animen a crear no eido audiovisual. Para isto alentamos a un grupo de dez persoas da aldea entre os 12 e os 60 anos a desenvolver unha proposta, pasando por todas as súas fases, dende a formación ata a presentación do resultado. Nesta edición esa proposta é a de realizar un documental sobre Sara Quinteiro, “Dona Sara”, histórica mestra de Cans durante varias décadas e que impartía as súas clases na Casa da Mestra. A idea é reunir a todas as súas ex alumnas na presentación da obra no Torreiro.

Dona Sara, a mestra rebelde
2018 | 20' | galego

Dirección: Juanma LoDo

Vai de: Ao longo dun extenso traballo de documentación e rescatando as opinións de moitas das súas antigas alumnas, este documental busca construír un retrato da mestra Dona Sara, que durante case tres décadas foi profesora na aldea de Cans. De onde era e que circunstancias a levaron a Cans? Cales foron os feitos que marcaron o seu pasado?

Final de “Olo de vidro”, o concurso de booktrailers e booktubers

Mércores 23 | 19h00 | Baixo de Bugarín

Co obxectivo de estimular a lectura en galego e a creación audiovisual, especialmente entre a mocidade, o Festival de Cans impulsou este ano o concurso de booktrailers “Olo de vidro”, no marco da iniciativa da canle de YouTube Recomendóche un libro. Estas pezas creativas consisten en resumir en poucos minutos de imaxes o contido dun libro, e xa foron obxectos de mostras do formato en edicións anteriores do Festival. Este ano o certame é un concurso aberto á participación, ao que se presentou a nada desdeñable cifra de 47 obras. Un xurado escollerá unha selección de pezas finalistas que serán proxectadas no Baixo de Bugarín, nunha gran final na que se desvelarán os gañadores e contaremos coa presenza das e dos finalistas, do xurado e das institucións que apoian o proxecto: a Biblioteca Xosé Neira Vilas de Vigo, o IES Castelao, a Escola Oficial de Idiomas de Vigo, a Asociación de Veciños do Calvario, a Biblioteca Pública do Porriño e o IES Pino Manso.

Catorce Cans

Mércores 23 | 22h00 | Torreiro de Cans (avance)

Venres 25 | 22h30 | Torreiro de Cans (estrea)

Proxección do documental sobre o Festival de Cans 2017, que leva por título *Catorce Cans* e está feito pola realizadora Isaura Docampo. Na noite dos veciños poderá verse un avance antes de desfrutar da estrea o venres na noite das homenaxes e celebrar os momentos que vivimos hai un ano.

Cans do Futuro

Mércores 23, xoves 24 e venres 25 | 10h00 | Baixo de Bugarín

Alumnas e alumnos de institutos e colexios de toda Galicia veñen cos seus centros a Cans nas mañás do mércores, xoves e venres da semana do Festival. Esta rapazada terá, como en anos anteriores, encontros con cineastas e intérpretes que van pasar polo festival, e poderán ver pezas audiovisuais de diferentes estilos. Cada centro educativo está en Cans unha mañá enteira, asiste a hora e media de proxección e encontro con actores e outra hora e media a unha visita guiada pola aldea. Ademais, no tempo de descanso poden facer a xa clásica foto de recordo das visitas a Cans: enriba do chimpín que se aparca xunto o Can de Pedra.

Roteiro cinéfilo-literario con Carlos Meixide

Mércores 23, xoves 24 e venres 25 | 11h00 | Saída da Rotonda do Can

Hai dous anos, o escritor, xornalista e humorista Carlos Meixide veu a Cans convidado para ofrecer a súa “mirada de Cans”. Foi unha visita inspiradora, xa que rematou por publicar unha novela xuvenil titulada *Cans*. O ano pasado iniciou estes roteiros cinéfilo-literarios cos que guía aos asistentes polos puntos nos que os protagonistas do libro viviron as súas particulares aventuras. Polo medio, moitos apuntes e referencias cinéfilas coas que gozan as nenas e nenos que leron o libro.

CanSonoro

Sábado 26 | 10h00 | Saída da Rotonda do Can

Dende hai algúns anos, o gran Xurxo Souto, escritor e cantante dos Diplomáticos de Monte Alto ou Os Tres Trebóns, guía polas corredoiras de Cans un roteiro baseado nas historias dos veciños e na memoria musical de cada casa. Acompañado polos acordeonistas de Acordecans, que fan a ruta con el, Souto conta historias, interactúa, canta cos veciños e intercala diálogos de filmes no seu discurso. Unha proposta diferente que fascina a veciños e visitantes e este ano estará centrada nas historias de mulleres.

Radio

Programa en directo: “El séptimo vicio” de Radio 3, con Javier Tolentino

Mércores 23 | 19h00 | Baixo de Moncho

Xoves 24 | 16h00 | Casa do Cid

Venres 25 | 20h00 | Baixo de Moncho

Este ano *El séptimo vicio* instálase en Cans. O xornalista Javier Tolentino conducirá durante tres días dende o Festival o programa radiofónico de referencia dos cinéfilos e cinéfilas, en concreto dende lugares tan emblemáticos do festival como o Baixo de Moncho ou a Casa do Cid. O público de Cans poderá ver así en directo as entrevistas e actuacións deste espazo que defende apaixonadamente o movemento das curtametraxes e tenta retratar as novas vangardas cinematográficas.

Showcooking cos cociñeiros Mahou Lucía Freitas e Beni Couso

Xoves 24 | 20h30 | Praza do Concello

A gastronomía volve ao Festival de Cans a través da colaboración de Mahou, que nos trae a Lucía Freitas, unha das poucas mulleres cociñeiras que forman parte do prestixioso Grpo Nove e unha das máis relevantes da gastronomía galega actual. A chef ofrecerá un showcooking combinando a súa experiencia ante os fogóns con propostas innovadoras. Nesta exhibición culinaria na que Freitas estará acompañada por **Beni Couso** (chef do restaurante vigués Patouro) ambos prepararán unha selección de “Tapas de cinema” que integrarán a gastronomía coa sétima arte e o público de Cans terá a oportunidade de degustar.

Kike Piñeiro

Outra parte gastronómica do programa virá da man do cociñeiro Kike Piñeiro, que estará a cargo da cociña para as persoas convidadas do Festival de Cans. Piñeiro é o chef do restaurante compostelano A Horta d'Obradoiro, un espazo caracterizado por unha sutil renovación da cociña partindo dende os produtos tradicionais que, coma sempre, serán produtos Galicia Calidade.

Exposicións

Exposición retrospectiva de Luis Davila, “O Bichero”.

Venres 25 | 20h30 | Cans Voulevar

O morraseiro Luis Davila é un dos debuxantes máis populares do país, e arrinca sorrisos diariamente coas súas tiras “O Bichero” no Faro de Vigo, que tamén se teñen publicado en forma de exitosos álbumes de cómic e inundan as redes sociais, compartidas por miles de persoas conquistadas polo seu humor, no que radiografía a Galicia de hoxe en día. No Voulevar teremos a sorte de desfrutar dunha exposición retrospectiva destas viñetas, que en varias ocasións teñen retratado tamén o Festival de Cans.

Can Parade

Xoves 24 | 21h30 | Praza do Concello

O xoves ás 21h30 inauguraremos a cita anual do festival coa creación artística: a Can Parade! Nesta mostra, un feixe de artistas de toda caste atreveuse a intervir a silueta do Can de Cans e darlle así unha volta creativa á nosa icona.

Cans Senior

Mércores 23 | 10h30 | Centro de día de Torneiros

Máis de 25 centros de día de toda Galicia participaron o pasado ano no noso proxecto Cans Senior, onde as nosas e os nosos maiores reinterpretaron sobre láminas, siluetas e motivos de Cans diversas secuencias da historia do cinema. Foi realmente emocionante ver os seus traballos e o seu alto grao de coñecemento do Festival de Cans. Este ano repetiremos coa apertura da exposición e a entrega de premios que terá lugar na mañá do mércores 23 no Centro de Día de Torneiros.



Festival de Cans

Comunicación XV Festival de Cans

comunicacion@festivaldecans.com

facebook.com/festivaldecans

twitter.com/festivaldecans

instagram.com/festivaldecans

www.festivaldecans.com